

C U R S O S E C O N G R E S O S

Santiago de Compostela

7-8 de maio de 2024

Libro de actas

**I Congreso Internacional
Feminismos e Humor:
Humor-Sofías**



EDICIÓN A CARGO DE

Saleta de Salvador Agra

Laura Lesta García

Yolanda Martínez Suárez

Marta Pérez Pereiro

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I Congreso Internacional Feminismos e Humor: Humor-Sofías

Santiago de Compostela,
7-8 de maio de 2024

LIBRO DE ACTAS

CURSOS E CONGRESOS DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
N.º 277

I Congreso Internacional Feminismos e Humor: Humor-Sofías

Santiago de Compostela,
7-8 de maio de 2024

LIBRO DE ACTAS

EDICIÓN A CARGO DE
Saleta de Salvador Agra
Laura Lesta García
Yolanda Martínez Suárez
Marta Pérez Pereiro

2025
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2025

Edita

Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
<https://www.usc.gal/publicacions>

Maqueta

Tania Sanmartín
Imprenta Universitaria

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/9788410142442>

Índice

Humor-Sofías: unha introdución.....	7
SALETA DE SALVADOR AGRA, LAURA LESTA GARCÍA, YOLANDA MARTÍNEZ SUÁREZ e MARTA PÉREZ PEREIRO (UCM/Middlebury College/USC/USC)	

BLOQUE 1: DE CÓMICAS E COMEDIAS

Estragafestas de divertidas: o humor como ferramenta de resistencia no audiovisual galego feminista.....	15
CATHERINE BARBOUR (TCD)	
«... tampoco obra Hiparquía injustamente hiriendo a Teodoro». De la lucha y subversión en el humor de las cómicas.....	27
JAVIER LEIVA BUSTOS (UCM/UAM)	
«Are Women more important than God?»: humor y feminismo en The Marvelous Mrs. Maisel.....	39
ÁNGELA VILLAMUELAS CASTRO (USC)	
Late-Night Humour: Exploring Gender Politics and Humour in Late-Night Talk Shows.....	47
ELISA PAZ and MATILDE DELGADO (EU Business School/UAB)	

BLOQUE 2: HUMOR EN IMAXES

O dobre movemento do humor nas artes.....	65
SABELA FRAGA COSTAS (UVigo)	
As maricas de Almodóvar salvan a España. A sátira queerizada de Los amantes pasajeros.....	77
MIGUEL ALCALDE SILVEIRA (USC)	
¿Más visto que el tebeo? Feminismo, humor y lenguaje en la novela gráfica.....	89
RAQUEL GARCÍA OTERO (USC)	

O apropiacionismo e a resignificación das imaxes como resistencia política: a arte gráfica galega no movemento feminista e LGTBIQ+	101
MARÍA GIL MARTÍNEZ (USC)	

BLOQUE 3: RESISTENCIAS HUMORÍSTICAS

«Everything's [Not] Fine»: A Snapshot of How Humor Exposes Structural Sexism in Spain and the US.....	115
ERIN K. HOGAN (UMBC)	
Evitar «o que se di». Entre a sátira e a ironía, unha aproximación pragmática aos usos da retransmisión como exercicio de resistencia	127
ENRIQUE LATORRE RUÍZ (USC)	
Humor en el margen: aproximándonos a una filosofía cyborg.....	139
VERÓNICA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ y LUCÍA OCA VÁZQUEZ (USC)	
Chillonas y verduleras: una apropiación del espacio.....	149
IRENE ADÁN SÁNCHEZ-INFANTES (UCM)	

BLOQUE 4: RISAS DIXITAIS

Fenómeno coquette: parodia subversiva o continuación de los roles binarios de género	161
CLAUDIA ARNALDO LÓPEZ (UCM)	
Estar contigo o no estar contigo es la medida de mi género: un análisis del lenguaje sobre el amor romántico en redes sociales.....	171
ALBA GIMENO (UCM)	
«Sólo soy una chica»: el espectro de la feminidad a través del humor	185
CARMEN TAÍN RODRÍGUEZ y ALEJANDRA GRADAÍLLE GALEGO (USC)	
Das risas enlatadas ás risas sintéticas: explorando o humor das IAs xerativas.....	195
LAURA M. CASTRO-SOUTO (UDC)	

Humor-Sofías: unha introdución

SALETA DE SALVADOR AGRA, LAURA LESTA GARCÍA, YOLANDA MARTÍNEZ SUÁREZ
e MARTA PÉREZ PEREIRO

Universidad Complutense de Madrid, Middlebury College e Universidade de Santiago de Compostela

É un lugar común traer a colación a etimoloxía da palabra «filosofía» para tratar de poñer en valor unha forma de abordar os problemas como busca/amor cara a sabedoría. Desde aquí queremos invocar o termo «sofía» pero non xa desde a *philía*, desde o amor, senón desde o *humoris*, desde o humor. Humor-Sofías xorde, así, como unha especie de paronomasia coa que queremos invitar a tódalas Sofías a deixarse empapar, a filtrarse en superficies ríxidas, a mollar e mollarse, a salpicar, asperxer e a impregnarnos de sangue, flema, de bile amarela e negra. En definitiva, *humoris* causa para, recordando tamén unha das súas conexións etimolóxicas ape- lar ao *humus*, a terra, a cultivar, a descompoñer e precisamente a tomar terra da importancia do humor e da súa conexión coa sabedoría.

Humor-Sofías xorde contra ese vello prexuízo intelectualista que condena o humor ao campo do non saber filosófico, ante isto vai o noso Humor-Sofías, pero tamén vai contra aquel outro estereotipo que sinala ás mulleres, máxime ás feministas, como carentes de sentido do humor. Porque como diría Sara Ahmed (2017), somos as que vimos a deter a diversión, as «estragafestas» (*killjoy*). Fronte ao mito de que as mulleres se fan feministas «porque son infelices, quizais como desprazamento da súa envexa por aqueles que alcanzaron a felicidade que elas non puideron» (Ahmed 2010: 583), propoñemos que as feministas, infelices ou non, tomemos man da risa colectiva. Isto é, apelamos ás risas compartidas que enfatizan na nosa condición de seres relacionais, seguindo aquí a Donna Haraway, tamén podemos dicir que «Somos humus, non Homo, non ántropos; somos compost, non posthumanos» (2019: 94). Así, dámoslle a benvida ás gargalladas performáticas, ás risas horizontais (Gamper 2024), ás non xerárquicas, e mesmo niveladoras (Willet e Willet 2019), e as filosóficas capaces de poñer en dúbida a orde desde dentro dun sistema social dado (Eco 1967) abrindo espazos. Espazos para filtrarse (recordando

de novo a etimoloxía do *humoris*) nunha sociedade cercada polos machismos. Polo tanto, benvinda ao humor feminista, a desacralizar e a inverter os valores habituais para poñer de manifesto as desigualdades e as contradicións patriarcais.

Benvinda a rir xuntas, ás risas sonoras, abertas, estrepitosas que mostran o fracaso do control do corpo ao deformalo e comprometer o canon de beleza feminina. Agora ben, como di Anna Frey «Debemos tratar a risa feminista non como unha obriga, senón como unha oportunidade para exercer a plena liberdade que temos sobre os nosos corpos e as nosas voces» (2021: 17). En definitiva, queremos recuperar as mulleres da xanela do cadro de Bartolomé Esteban Murillo, imaxe do cartel do *I Congreso Internacional Feminismos e Humor: Humor-Sofías*. Tomamos a obra *Mujeres en la ventana* (1675), que recibiu coloquialmente o título de *Las gallegas*, para retirar o pano que tapa a boca dunha das protagonistas e que así nos ensine os dentes. Porque «ao rirmos abrimos a boca, abrimos os ollos, abrimos o corpo e abrimos a mente» (Franc 2017: 57). Desde aquí, propoñémonos repensar o seu «tomar a risa», reflexionar e deterse sobre o corpo das mulleres que rin, onde o fan, cando, con quen, como se rin e, sobre todo, por que rin. É dicir, queremos considerar o amplo campo do risible, reparar en quen está autorizado para rir pero tamén en quen ri sen autoridade e sen autorización. Quitar así o pano da boca para rachar coa prerrogativa masculina que exclúe ás mulleres como suxeitos que fan rir (Melchior-Bonnet 2023). Reflexionar, por tanto, como a través da risa marcamos a posición de suxeito, pasando de ser as espectadoras risoñas esperando na xanela para ser as que rindo facemos cousas na rúa e na academia.

Entendemos os feminismos na súa intersección co humor como teoría e praxe. Desoíndo a lóxica binaria que encorseta ás mulleres que perdemos a razón (a pouca que nos concederon) se descoidamos as formas, arrancamos a aventura de organizar o *I Congreso Internacional Feminismos e Humor: Humor-Sofías*. Bailando nas fronteiras entre a seriedade e o humor, entre a academia e os activismos, entre as teorías e as praxes. As Humor-Sofías desarmamos as trincheiras e rimos sobre as dualidades opresivas. Transitar os lindes e camiñar as fendas dos dualismos é unha aposta teórica e práctica deste equipo editorial.

A agrupación destas Actas, resultado dunha escolma de palabras que foron tomadas no evento, responde á propia estrutura do Congreso. Estamos ante unha versión de Actas híbridas entre aportacións máis teóricas de autoras xa consolidadas e de voces das que comezan a súa andaina académica. Se o humor nos permite reflexionar de xeito horizontal e crear espazos subversivos nos que inverter a orde patriarcal da sociedade, esta compilación é un exemplo desta toma de posición política e epistemolóxica. Neste volume recóllense un conxunto de capítulos que,

na súa heteroxeneidade, son un primeiro paso para explorar un campo de estudo que ten a enorme potencialidade de ser abordado desde múltiples disciplinas, en todas as áreas do coñecemento, entre as que atopamos filosofía, arte, comunicación, literatura, etc. Asemade, esta pluralidade de enfoques abre a porta a novas metodoloxías de análise onde se mesturan estudos de caso, reflexións teóricas e a praxe autoetnográfica, entre outras.

As Actas están divididas en catro bloques temáticos que seguen a lóxica das mesas presentes no Congreso, a saber: «De cómicas e comedias»; «Humor en imaxes»; «Resistencia humorísticas» e «Risas dixitais».

O primeiro dos bloques, «De cómicas e comedias», ten como fío condutor a posta en valor das cómicas e a súa acción nos escenarios. Catherine Barbour preséntanos ás monstras para reivindicar a «estragafestas» que levamos dentro. Así deixamos de ser o chiste e de ter medo e pasamos a ser as temidas. No seu traballo, Barbour analiza a miniserie *Monstras* (2020), de Eire Cid García, reivindicando o espazo de producións audiovisuais alternativas, realizadas en réxime cooperativo, e nas que se abordan temas difíciles de atopar no audiovisual máis mainstream. A continuación, Javier Leiva Bustos aproxímase, dende unha perspectiva histórico-filosófica, ao feito de que se considere que as mulleres non teñan sentido do humor. O seu percorrido lévaos dende os albores da filosofía cínica grega, con Hiparquia, ate as cómicas dos nosos días, como Assari Bibang ou Eva H. Na súa argumentación, Leiva mostra que o sentido do humor sempre estivo aí e foron as circunstancias históricas en complicidade co tecido patriarcal o que intentou apagar o potencial das mulleres para facer rir. De cómicas trata tamén o artigo de Angela Villamuelas Castro, neste caso sobre Midge, a protagonista da serie *The Marvelous Mrs. Maisel*. Para esta xudía estadounidense de clase acomodada, o humor convértese nunha ferramenta de apoderamento que, paseniñamente, abandona o segundo plano ata converterse nunha figura destacada do *stand-up comedy*. Villamuelas destaca a reflexión sobre o rol das mulleres na sociedade a partir desta exitosa ficción. Este bloque péchanos Elisa Paz e Matilde Delgado e a súa aproximación aos programas de *late-night*. Un xénero de humor televisivo, altamente masculinizado, que domina o *prime-time*, reforzando a crenza que as mulleres non teñen a habilidade de facer rir a un público masivo. Menos mal que as monstras de Eire Cid e a comediantes mrs Maisel están presentes para subverter ese estereotipo.

O segundo bloque, «Humor en imaxes», reúne unha escolma de capítulos que afinan o ollar semiótico nos produtos culturais. Sabela Fraga Costa recorre á risa estética para xogar coa imaxe de nós mesmas e, nun traballo interdisciplinario, dialoga con varias artistas para destacar a sinerxía do humor e a creatividade.

O texto de Fraga anímanos a darlle a volta ao sistema no que se inscribe a produción artística e a cuestionar as normas sociais asociadas a quen pode rir e quen poder facer(nos) rir, nun dobre movemento desestabilizador. Desde a análise queer, Miguel Alcalde Silveira toma como caso de estudo a comedia do director de cine Pedro Almodóvar *Los amantes pasajeros* para presentar a figura do «trangalleiro» (*trickster*). Unha sorte de bufón satírico co que nos invita a achegarnos ao filme con outros lentes. Tan iconoclastas como os asistentes de voo de Almodóvar, que destaca Alcalde, son as obras das novelistas gráficas Liv Strömquist, Jessica Campbell e Rokudenashiko, nas que se basea Raquel García Otero para cuestionar a dominación patriarcal. María Gil Martínez, que pecha o bloque, afonda tamén na análise de produtos culturais que poden subverter a orde sexo-xénero, desta volta desde a arte gráfica, creada polos movementos feministas e LGTBIQ+ en Galiza.

O terceiro bloque, dedicado ás «Resistencia humorísticas», pon o foco na capacidade que brinda o humor para transformar a realidade. Abre a sección a denuncia de Erin K. Hogan ante as violencias e agresións no suposto *fair play* ao abrigo das institucións públicas. Concretamente, a autora céntrase nas condutas abusivas de Luis Rubiales, no mundo do fútbol, e Donald Trump, no pedestal da política. Invocando de novo o cartel do Congreso, constatamos aquí que xa non nos resulta fácil seguir tapando a boca. Enrique Latorre Ruíz bota man da análise pragmática para analizar a retransmisión galega, levando a un caso de estudo o exercicio da resistencia, entre o irónico e o satírico, do activismo da disidencia sexual e de xénero. Verónica Rodríguez Martínez e Lucía Oca Vázquez insisten en preguntárense que hai detrás da seriedade filosófica e non filosófica para reclamar un humor que acompañe as risas feministas. Este bloque finaliza coa reivindicación das «verduleras» de man de Irene Adán Sánchez-Infantes, quen analiza a exclusión das mulleres do espazo público e a censura das disidentes, expoñendo o silenciamento das voces discordantes das mulleres e reclamando a súa posición.

Finalmente, o derradeiro bloque destas Actas céntrase nas «Risas dixitais», que desde diferentes espazos online, cuestionan ou reforzan mitos patriarcales porque as bromas non son so bromas (de Salvador 2023). Como expón Claudia Arnaldo López, en Internet orixínase o fenómeno *coquette*, unha tendencia nas Redes Sociais que produce memes que provocan lecturas interesadas e mesmo contraditorias, pero que pode ameazar en devolvernos ao espazo do privado, ás cociñas. Alba Gimeno, no seu capítulo, analiza a presenza dos mitos do amor romántico e a súa forte compoñente xenérica en espazos como Twitter, agora X, para mostrar como desde as plataformas dixitais se poden cuestionar arquetipos e comportamentos moi asentados. Porque recoñecer os estereotipos e roles que nos tiraron ás costas

fainos máis libres como sinalan Carmen Taín Rodríguez e Alejandra Gradaille Galego, xa que «villanas» si, pero unidas! Non somos xa *only a girl*, fenómeno presentado por Taín e Gradañlle, senón un feixe de Humor-Sofías, insubstituíbles por ningunha intelixencia artificial, como ben apunta Laura Castro-Souto no seu texto sobre humor computacional centrado nas IAs xenerativas. Castro-Souto, desde a perspectiva de xénero, pídelle ás IAs que lle conten chistes que, para sorpresa de ningún, non teñen tanta graza como a que temos as feministas.

As editoras, queremos pechar esta breve introdución, agradecendo, unha vez máis, a quen fixo posible este libríño que teñen na pantalla. E que non sería posible sen o compost, sen o humus, xerado na actividade académica celebrada o 7-8 de maio de 2024 en Santiago de Compostela, na facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), auspiciada polo Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC, e financiada pola Deputación da Coruña. Grazas ao abono material prestado polo Middlebury College para a edición destas Actas e, sobre todo, grazas ás lectoras por baixar o pano e rir sen medo a ensinar os dentes.

Referencias

- AHMED, Sara, 2010. Killing joy: Feminism and the history of happiness. *Signs: Journal of Women in Culture and Society*, vol.35, no.3, pp. 571-594.
- _____, 2017. *Living a Feminist Life*. Duke University Press.
- ALMODÓVAR, Pedro, 2013. *Los amantes pasajeros*. Película Blu-Ray + DVD [combo pack]. Sony Pictures Home Entertainment; 2013.
- DE SALVADOR AGRA, Saleta, 2023. Mujer, era una broma. Deshacer cosas con palabras. *Revista Ártemis*, vol.35, no.1, pp. 10-25. Dispoñible en: <https://periodicos.ufpb.br/index.php/artemis/article/view/67217> [Consulta: 19-12-2024].
- ECO, Umberto, 1963. Elogio di Franti. In: *Diario Minimo*, pp. 85-96. Milano: Bompiani.
- FRANC, Isabel, 2017. *Las humoristas. Ensayo poco serio sobre mujeres y humor*. Barcelona: Icaria editorial.
- FREY, Anna, 2021. *Who's Laughing Now? Feminist Perspectives on Humor and Laughter*. Ontario: Demeter Press.
- GAMPER, Daniel, 2024. *De qué te ríes. Beneficios y estragos de la broma*. Barcelona: Herder.
- GARCÍA CID, Eire, 2020. *Monstras*. Webserie. Corentena Producións (productora). Vídeo; online. 6-7-2020. Dispoñible en: https://www.youtube.com/watch?v=Kw3dIm_vViY. [Consulta: 19-12-2024].

- HARAWAY, Donna, 2019. *Seguir con el problema. Generar parentesco en el Chthulunceno*. Bilbao: Consonni.
- MELCHIOR-BONNET, Sabine, 2023. *La risa de las mujeres. Una historia de poder*. Madrid: Alianza editorial.
- SHERMAN-PALLADINO, Amy (director). *The Marvelous Mrs. Maisel*. Serie de television, 2017-2023.
- WILLET, Cynthia e WILLET, Julie, 2019. *Uproarious. How Feminists and Other Subversive Comics Speak Truth*. University of Minnesota Press. ISBN 978-1517908294.

BLOQUE 1: DE CÓMICAS E COMEDIAS

Estragafestas divertidas: o humor como ferramenta de resistencia no audiovisual galego feminista

CATHERINE BARBOUR

Trinity College Dublin

Tal como afirma Juan F. Egea, a comedia xoga un rol importante ao facernos reflexionar sobre cuestións de xustiza social se consideramos «not what causes laughter but rather what laughter causes in us» (2013: 28). Como unha forza importante nas artes (Cundall 2007: 203), o humor pode provocar, incomodar e concienciar, o que resulta especialmente evidente no contexto da produción audiovisual. O propósito deste capítulo é examinar o papel do humor como ferramenta de resistencia no audiovisual galego feminista e, para tal fin, enfocámonos na web serie *Monstras* (Corentena Producións, 2020), de Eire García Cid, unha obra na que o humor desafia as normas e as expectativas patriarcais para chamar atención sobre a violencia de xénero. Deste xeito, pódense identificar varias estratexias de humor feminista presentes na serie, desde a dilución da tensión, ata a reivindicación do grotesco corporal ou a parodia das normas.

Hai cada vez máis mulleres cineastas en Galicia (Ledo Andión 2019: 11), aínda que o sector audiovisual segue sendo androcéntrico (Carballal et al. 2021; Barbour 2022). Xa que logo, as iniciativas audiovisuais explicitamente feministas confrontan o condicionamento patriarcal das institucións audiovisuais cun enfoque que desafia a ollada masculina que fomenta a cousificación das mulleres en pantalla, no sentido de Laura Mulvey (1973). Segundo Amnistía Internacional, un 57 % das residentes en España maiores de 16 anos sufriron violencia ao longo das súas vidas por seren mulleres (2024). O proxecto de *Monstras* xurdiu como activismo de base no contexto sociopolítico do aumento da extrema dereita no Estado español contraria aos dereitos das mulleres, a súa aberta posición a prol da defensa de agresores sexuais, e o caso de violencia sexual perpetrado pola manada, que mobilizou manifestacións feministas a un nivel sen precedentes (Angulo Egea 2019). Ademais, coincidiu co movemento mainstream español #másmujeres de 2018, que

pedía maior representación das mulleres na industria cinematográfica. Unha equipa de vinte e tres mulleres do colectivo audiovisual feminista radical Corentena Producións creou o proxecto sen apoio institucional durante a pandemia da COVID-19 en 2020. A directora e guionista Eire García Cid é doutora en Comunicación e Información pola Universidade de Santiago de Compostela e especializada en Teoría Fílmica Feminista. Financiada cun orzamento moi limitado de crowdfunding, *Monstras* representa a primeira webserie xinocéntrica e explicitamente feminista en galego (en 2024, saíu outra webserie feminista de García Cid e Rosalía Quiroga, *A moza que abortou e o contou*, proxecto premiado no festival de contidos dixitais Carballo Interplay de 2023). Corentena Producións ten un compromiso incontestable coa lingua e a identidade galegas, e, como veremos, a súa obra critica o fracaso do Estado español na protección das mulleres e as nenas. A súa distribución e acceso foi de balde a través de Youtube, logo do estado de alarma decretado polo Goberno español en xullo de 2020. A día de hoxe, o quinto capítulo leva acadadas case 5000 visualizacións.

Os títulos dos cinco capítulos curtos —«Pánico», «Culpa», «Amor», «Euforia» e «Odio»— reivindicán as emocións historicamente suprimidas polo patriarcado e tradicionalmente asociadas coas mulleres violentas ou vingativas. Exploran temas feministas como a sororidade e a resistencia, ao centrarse en catro amigas na vintena —Moirá, Lea, Pía e Mabel—, que se xuntan no piso doutra muller, Xulia, para se agacharen da policía tras a agresión á parella dunha amiga con orde de afastamento por violencia de xénero. Trátase dun acto de vinganza feminista, ao non poderen confiar na protección das autoridades patriarcais en casos de agresións machistas. A consecuencia da agresión delas, o home é ingresado no hospital e, aínda que non morre, «polo menos vivirá con medo», en palabras dunha das amigas (García Cid 2020b). A serie ten características en común coas series de «noir doméstico», tales como a inversión da orde social (Colmeiro 1994: 61), que mergulla en aspectos íntimos da vida cotiá no contexto de crime (Paszkievicz 2022). Porén, en vez de explorar o misterio e investigación dun crime como o cinema negro tradicional, céntrase sobre todo nos motivos das agresoras, neste caso, a vinganza contra un maltratador por parte da súa parella.

Aínda que hai poucos estudos sobre o tema na industria cinematográfica do Estado español (García Cid 2020a: 74), percíbese en xeral un crecente interese pola muller violenta no cinema contemporáneo (Paszkievicz 2022: 20). O vídeo ensaio de García Cid sobre as mulleres violentas gañou o Premio ao Mellor Videoensaio sobre Audiovisual Internacional, VI Premios María Luz Morales da Academia Galega do Audiovisual (2022). Na industria audiovisual capitalista global, non se pode

negar que «as mulleres violentas venden» (García Cid 2022), e existen cada vez máis producións audiovisuais arredor da vinganza das mulleres reaccionando á violencia de xénero (Heller-Nicholas 2021). As mulleres loitadoras poden simbolizar, por unha banda, a axencia e o apoderamento feminino ou, pola outra, perpetuar a cousificación da violencia ou sexualización do corpo feminino. Cómpre entender que estas figuras que actúan fóra do normativo representan un contraste oportuno coa feminidade pura e pasiva idealizada polo patriarcado (Agra 2012: 55), e queda patente a motivación do patriarcado por controlalas, porque elas «seminally provide new role models for fighting back. And yet, they are continually punished for fighting back» (Oliver 2016: 111). Ademais, mentres os homes violentos se poden entender como heroes valentes, as mulleres violentas son reflectidas e descritas como emocionais e difíciles (Loreck 2016: 4), sen motivos (ideo)lógicos, porque «la suya es una violencia salvaje y es en la misma medida, natural, no política. En este marco normativo, las motivaciones de estos personajes serán siempre emocionales, no racionales; y sus objetivos, relacionales, no individuales» (García Cid 2020a: 78).

En contraste co marco normativo, as creadoras de *Monstras* intentan subverter a cousificación e apolitización da muller violenta para desafiar a violencia de xénero e promocionar o seu compromiso político. Empregan o shock da imaxe non normativa das mulleres violentas para sinalar a súa mensaxe militante contra a violencia de xénero. Por exemplo ao referirse á agresión contra o abusador, en contra das outras, Lea parece non preocuparse se morre, «se nos pasamos, pasámonos» (García Cid 2020). Durante a agresión mesma, cando vemos só as caras das mulleres berrando (cun enfoque nas agresoras e non na vítima, como adoita ser nos casos de violencia de xénero), ela exclama «tódolos días cortarémosche a polla e volverémoscha coser» (García Cid 2020). Ademais, o enfoque na vida cotiá e a multitude de referencias á cultura universal popular, por exemplo, como levar roupa de Spice Girls (co seu lema feminista e capitalista de «Girl Power») e Hello Kitty (marca de inocencia infantil) normaliza as súas accións nun contexto coñecido. Como veremos, a serie aproveita estratexias de humor para reivindicar o tabú social da violencia feminina e, deste xeito, mobilizar a conciencia feminista, no estilo do xénero cada vez máis popular da «dramedia» (comedia dramática), unha combinación de drama e comedia na que «by means of these series, frequently humorous approaches to dark subject matter and/or tragicomic portrayals of characters, they invite fluctuating viewing positions that alternate between laughter, uneasiness, and frustration, provoking ambiguous reactions and discussions» (Havas e Sulimma 2020: 76).

Sara Ahmed teoriza o impulso da «feminist killjoy» ou «estragafestas» (2017) que «boicotean cualquier diversión» (de Salvador Agra 2023: 19) para expresar realidades incómodas sobre a opresión machista, reivindicando a caricatura patriarcal das feministas bordes que non sorrín (Ahmed 2010: 65). Pódese dicir que as protagonistas femininas de *Monstras* funcionan como «estragafestas» ao loitaren contra a violencia de xénero, navegando, en palabras de Ahmed, como «las historias del feminismo y el movimiento queer [y que] pueden leerse como historias de personas que estuvieron dispuestas a correr el riesgo de las consecuencias de la desviación» (2019: 198). Nesta serie, en contraste co canon normativo e heteropatriarcal do humor (Kein 2015: 673) que o percibe como masculino, nótase a súa función potencial como unha arma para grupos subordinados en contextos de conflito (Case e Lippard 2009: 243) tales como as mulleres. Emprégao para loitar contra a violencia patriarcal, porque de feito, segundo Gerard Mast, o obxectivo da comedia residiu na destrución de obxectos, de egos, de asuncións sociais, dos liderados da sociedade e dos propósitos da sociedade en si mesma (1979: 320).

A maior parte da serie desenvólvese no piso de Xulia, situado en Lugo, cunhas poucas escenas exteriores e analepses. A inclusión de contido humorístico complementábase co contido diverso impactante que reivindica o apoderamento das mulleres e sinala a gravidade da violencia de xénero dunha maneira explícita. Nun punto de inflexión, cara ao final da serie, escoitamos o testemuño poderoso e conmovedor de Lara, a sobrevivente da relación abusiva que motiva o acto de vinganza, falando abertamente do grave abuso físico, psicolóxico e sexual que sufriu na súa relación. A inclusión de material de arquivo orixinal sinala a mensaxe feminista, por exemplo, unha entrevista coa británica Barbara Buttrick, que rompeu normas patriarcais como boxeadora, e noticias sobre casos internacionais famosos de acoso sexual no contexto do movemento feminista global #MeToo. Mentres as protagonistas ven unha escena polémica e gratuíta de violación do filme de Gaspar Noé *Irréversible*, tamén incluído no material de arquivo, obríganos á audiencia a vela simultaneamente para entender a política da webserie. A banda sonora consiste en rap feminista galego e internacional, incluíndo «A xustiza pola man» de Flow do Toxo, un disco baseado no poema homónimo de Rosalía de Castro que explora o tema de xustiza.

Para pór énfase na mensaxe reivindicativa da serie, as escenas cómicas dilúen a tensión en momentos complicados. Por exemplo, ao principio da serie, cando as mulleres chegan ao piso de Xulia pola noite buscando refuxio despois de cometeren o delito, notamos o medo desta como muller cando chaman a porta sen previo aviso pola noite. Moira é amiga de Xulia, mais as demais non a coñecen.

Ao entraren, Mabel fai un comentario banal —«Menudo piso, non?»— respondido por unha Xulia sorprendida —«E ti quen es?»—, un diálogo que rompe a tensión. Ademais, nótase a ironía cando Xulia se fai responsable de coidar das mulleres vestindo un pelele (pixama dunha soa peza), sobre o que Moira comenta, «que pixama tan ridículo». Esta prenda infantil en forma dun unicornio, que representa un símbolo cuir na cultura popular (Coward 2024), rompe a tensión na escena e normaliza a roupa cómoda que levan as mulleres na intimidade, fóra da crítica da sociedade. Así, vemos como o humor serve como «an outlet for emotions that may be difficult to express in other ways» (Plester 2016: 96).

Aínda que Xulia cambia de opinión cando se decata dos motivos verdadeiros do crime, ao principio horrorízalle saber que as demais atacaron un home, matizando a ideoloxía da serie ao estar en contra da violencia extrema en todos os casos. Dunha maneira irónica, leva un coitelo nas mans, repetindo que é asasinato cando, de súpeto, alguén chama á porta. As mulleres asústanse ao pensar que puidese ser a policía, a representación da política estatal, que aínda non se desvinculou por completo daqueles tempos en que protexían o maltratador e que hoxe en día segue fallando na protección das vítimas. Resulta ser unha veciña curiosa. Esta interrupción no espazo seguro dunha señora maior, castelanfalante, que representa a sociedade tradicional e conservadora, faise divertida como contraste coas accións non normativas e a ideoloxía militante das mulleres novas. Ao velas na cociña con Xulia, observa de maneira condescendente: «con unas amiguitas...» (García Cid 2020). Para burlarse dos seus prexuízos, a cámara enfoca en primeiro plano nos piercings e a roupa «alternativa» das mulleres, como unha camiseta que alude a Bob Marley, icona da contracultura, e referencias á cultura galega actual, como a frase propagandística do supermercado Gadis «Let's Live Like Galicians» e o Pub Quirós en Rodeiro. Danlles nomes falsos ao presentarse á señora e minten sobre que acaban de chegar de Londres para finxir inocencia. Este choque de contrastes resulta humorístico porque a audiencia sabe a verdade. Cando unha delas minte sobre o seu nome e di que se chama María, a veciña responde «qué nome tan bonito» (García Cid 2020), cun chisco ao catolicismo que choca coa agresión e compromiso político das protagonistas. Para engadir outro exemplo dunha escena que sinala o medo ás autoridades e rompe a tensión co humor lixeiro, cando Xulia esperta as demais para montar unha festa e celebrar as súas accións de resistencia contra a violencia de xénero, unha delas pregunta medio durmida se é a policía, e cando Xulia confirma que non, solta «no quiero ir al cole» (García Cid 2020) en voz infantil, un exemplo do humor como incongruidade contextualizada (Cundall 2007: 211).

O piso de Xulia preséntase como un refuxio feminista lonxe das autoridades heteropatriarcais, reivindicando o espazo doméstico para este grupo de mulleres como liberador e non heteronormativo (Barbour 2022: 282). Nunha expresión de complicidade que corresponde á estratexia de ironía dramática, as demais rinse de Xulia cando comenta que lles comprou cepillos de dentes, «tedes que ter os dentes guarrísimos» (García Cid 2020), porque, como sabe a audiencia, xa usaron o seu propio cepillo de dentes. Comparten entre elas as tarefas da casa como limpar e cociñar, bailando e divertíndose cantando a canción viral de internet de 2009 «ayúdame, que mi casa está sucia» cunha complicidade que desafía o illamento do labor doméstico que fan tipicamente as mulleres. Deste xeito, parodian o ideal da ama da casa ao que fai referencia o material de arquivo da Sección Femenina durante o franquismo. Polo tanto, as nosas protagonistas non cadran cos estereotipos superficiais do *noir* tradicional que pintan as mulleres como *femmes fatales* ou amas de casa (Hogan 2024: 8).

As mulleres fan actividades tipicamente femininas como bailar «perreando», maquillarse, probar roupa, etc., para divertirse entre elas e, sobre todo, non para atraer os homes. A reivindicación cuir e admiración mutua entre as mulleres —«gústanne as túas tetas» (García Cid 2020)— loita contra a cousificación corporal, a hexemonía da ollada heteromasculina e a competición que fomenta o heteropatriarcado entre as mulleres (Barbour 2022: 281). Alén disto, a súa caracterización reflicte a heteroxeneidade das feminidades (en termos brutos, Moira, a líder; Lea, militante; Mabel, bromista; Pía, artista; Xulia, coidadora; etc.). Teñen «imperfeccións», en termos sexistas, que subverten as normas heteropatriarcais, e representacións das vingadoras no *noir* tradicional como histéricas ou hipermasculinizadas (Paszkievicz 2022: 23). Para conceptualizar a figura da «monstra» (monstro en feminino) que dá título á serie e reivindica a vinganza feminina e «separa [...] lo normal de lo amenazante por su diferencia» (Platero Méndez & Rosón Villena 2012: 129), serve de utilidade a teoría cuir de Donna Haraway (1991) e Jack Halberstam (1995; 2020). A figura monstruosa é típica do esperpento (Ríos-Font e Ríos-Font 1992) e o tremendismo (Alchazidu 2005) na tradición literaria española, unha esaxeración do grotesco, o feo, o alternativo, ou o violento. Para Halberstam, cómpre recoñecer e celebrar o poder subversivo dos monstros, figuras cuir que rexeitan o non normativo e representan a desrupción de categorías, a destrución de fronteiras e a presenza de impurezas (1995: 27). No estilo do humor negro que «brings together a number of aesthetics and narratives, at whose core is the grotesque body» (Hogan 2024: 17), a serie visibiliza e normaliza os tabús corporais femininos «monstruosos» (Platero Méndez e Rosón

Villena 2012: 134) e «grotescos» (Russo 1995) que controla a sociedade patriarcal, como a menstruación, a flatulencia, a defecación, os vibradores e as axilas sen depilar. Por exemplo, as mulleres xogan cun vibrador, visibilizando e normalizando a masturbación e o desexo feminino e burlándose do falo. Para romper a tensión co humor e, ademais, normalizar os corpos das mulleres, vemos un clip orixinal da antiga primeira ministra británica conservadora Margaret Thatcher falando da necesidade dunha «liberdade ordenada» para evitar un «estado tiránico», o que sinala o poder do Estado (García Cid 2020). Xusto despois, aparece un primeiro plano do cu dunha das rapazas mentres sobe á cama para deitarse xunto ás demais. Logo, unha delas peidea, as demais rin e alguén exclama «soou como unha trompeta, tía!». Noutro momento de tensión, cando aparecen nas noticias os detalles da súa agresión, Lea comenta que acaba de baixarlle a regra. Máis tarde en primeiro plano pon unha compresa e vemos sangue no pixama de Hello Kitty, o que normaliza a roupa non sexy e parodia os típicos retratos cinematográficos de mulleres violentas. Para engadir outro exemplo de normalización do corpo feminino cunha referencia grotesca (Clark 1991: 124; Russo 1995), Mabel anuncia «estoume cagando» (García Cid 2020) e vai ao baño. Logo vémosa sentada no váter mentres le unha botella de champú, unha parodia da imaxe típica dos homes que len o xornal tranquilamente mentres defecan. Resistíndose contra a cultura de violación, búrllanse tamén das expectativas patriarcais de que as mulleres leven bragas limpas por se se produce unha relación sexual, comentando a súa necesidade de levalas en caso de encarceramento. Así mesmo, destaca unha escena que combina o visual gracioso e íntimo co feminismo ao final do capítulo segundo, cando Mabel se está a duchar. Non representa a imaxe típica da muller na ducha, que se centra no seu corpo, na súa beleza... Mabel leva gorro, baila e canta unha canción de rap feminista. Berra a letra militante de «Mantenlo patriarcal», de Ira, «jugar con las mujeres es jugar con dinamita», e reivindica a construción patriarcal das mulleres tolas «unas locas andan sueltas», «desatadas e incontroladas» (García Cid 2020). Mentres se ducha, nun primeiro plano vemos a Xulia, escoitándoa e mirándoa dunha maneira case cuir, reflexionando sobre o acto das outras mulleres como vinganza, o que representa unha toma de conciencia. Esta escena humorística explica a función do humor para baixar as defensas da audiencia «thereby lowering their resistance to persuasion» (Hogan 2024: 26). Cara ao final da serie cando Xulia sae a correr (unha actividade no espazo público que representa, por unha banda, axencia e por outra banda, vulnerabilidade para as mulleres), mete o dedo no nariz ante un home que vimos acosala verbalmente ao principio da serie. Este acto «grotesco» e pouco «feminino» reivindica a súa

liberdade na rúa e desafia as microagresións sexistas. A escena representa un momento circular na súa toma de conciencia.

En xeral, a construción de relacións fóra da norma conservadora heteropatriarcal é un fenómeno bastante frecuente, mesmo esperable, nas comedias de mulleres cineastas (Zecchi 2013: 167). As ligazóns íntimas de solidariedade entre as mulleres en *Monstras* indican como «o íntimo adquire unha calidade emancipatoria» (Pérez Pereiro 2019: 214) na «tribu» non familiar para identidades que caen fóra do marco dominante no cinema galego. A festa que monta Xulia para as demais no cuarto capítulo, «Euforia», contén varios momentos humorísticos que merecen análise e sinalan como as mulleres crean lazos de sororidade. Por exemplo, escoitamos un disco do grupo español de electrocumbia Tremenda Jauría, mentres as rapazas fan un desfile de moda levando roupa de Xulia que atopan no seu armario, e, de súpeto, pregunta Mabel «Xulia, ti... tes porros?» (García Cid 2020). Por outra banda, vemos como o humor pode perpetuar estereotipos de xénero. Mabel búlase da impotencia masculina e as demais rin, «Vai o tío e di, «a mí eso no me suele pasar, ¿eh?» (García Cid 2020), reforzando a presión sexual para os homes heterosexuais, pero tamén desafiando o poder masculino. Ademais, imita a voz do home en castelán, nunha asociación negativa do idioma hexemónico coa masculinidade. Noutro momento, reivindicando as contribucións das mulleres ás ciencias, Xulia fala con Mabel da súa investigación como doutoranda de bioloxía e di «Ti sabes o que é a simbiose?» (García Cid 2020). Notamos da reacción de Mabel que está borracha e non entende, pero finxe que si. O humor emprégase tamén para normalizar as comunidades e sexualidades non normativas. Hai unha carga erótica entre Lea e Pía, e as demais anímanas a bicarse, berrando os seus nomes que riman. A relación romántica que se desenvolve entre as dúas normaliza a homosexualidade feminina e cuestiona o normativo heteropatriarcal que oprime as mulleres e minorías.

A modo de conclusión, esta dramedia comprometida xoga arredor do tabú da violencia feminina para chamar a atención sobre a violencia machista, a resistencia á opresión das mulleres por parte do Estado e o desafío ás normas do heteropatriarcado. A narración mestura cuestións urxentes e contido desconcertante co humor para destacar a súa mensaxe feminista. Deste xeito, consegue «recuperar, re-significar y, de nuevo, hacer circular desde un compromiso compartido» (Ledo Andión 2016: 69), para demostrar a importancia da creación artística feminista e activismo de base á hora de promocionar a xustiza social. Emprega estratexias humorísticas, como a dilución da tensión, a reivindicación do grotesco corporal e a parodia das normas, de cara á normalización da militancia feminista e a creación de

comunidade. Neste contexto de risa e diversión, as protagonistas de *Monstras* cometen un acto de vinganza feminista e crean un refuxio tamén feminista de apoio e empoderamento. Así, rexeitan a opresión heteropatriarcal que facilita a violencia de xénero e desafían o sistema xurídico que non penaliza os abusadores coa contundencia necesaria. Evidentemente, en contra das normas sexistas do humor canónico, as estragafestas, que molestan a sociedade patriarcal ao chamaren a atención sobre a loita das mulleres, poden aproveitarse do potencial do humor feminista na súa resistencia.

Agradecementos

Agradezo moito a xenerosidade de Eire García Cid ao falar comigo do seu traballo e a colaboración de Alba Rodríguez Saavedra na revisión lingüística do texto. Xa explorei algunhas ideas aquí presentes no artigo Barbour 2022.

Bibliografía

- AGRA ROMERO, María Xosé, 2012. Con armas, como armas: La violencia de las mujeres. *Isegoría*, vol. 0, no.46, pp. 49-74. ISSN 1130-2097.
- AHMED, Sara, 2019. *La promesa de la felicidad: una crítica cultural al imperativo de la alegría*. Buenos Aires: Caja Negra Editora. ISBN 9789871622719.
- ALCHAZIDU, Athena, 2005. Las raíces del tremendismo español. *Études romanes de Brno*. En liña. Vol.35, no.1, pp. 25-31. ISSN 1803-7399. Disponible en: <https://hdl.handle.net/11222.digilib/113233> [Consulta: 13-08-2024].
- AMNISTÍA INTERNACIONAL, 2024. *Violencia contra Las Mujeres en España: La lucha contra la violencia de género en España. Situación actual y avances*. Disponible en: <https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/espana/violencia-contra-las-mujeres/> [Consulta: 29-07-2024].
- ANGULO EGEA, María, 2019. Subjetividad y violación social. El caso de la manada. *Tropelías: Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada*, vol.31, pp. 86-96. ISSN: 1132-2373.
- BARBOUR, Catherine, 2022. Of Monsters and Women: Feminist response to Gender-based Violence in Galician Noir. *International Journal of Iberian Studies*, vol.35, no.3, pp. 271-291. ISSN 1364971X.
- CARBALLAL, Mariana, 2021. A representatividade e a representación das mulleres no Audiovisual Galego. En: CIMA – Asociación das Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais. *Ficción 2020*, Ourense: Disponible en: https://cimamujerescineastas.es/wp-content/uploads/2021/10/InformeCIMA_galicia_2020.pdf. [Consulta: 27-07-2024].

- CASE, Charles E. e LIPPARD, Cameron D., 2009. Humorous Assaults on Patriarchal Ideology. *Sociological Inquiry*, vol.79, no.2, pp. 240-255. ISSN 0038-0245.
- CLARK, John R., 2015. *The Modern Satiric Grotesque and Its Traditions*. Lexington. The University Press of Kentucky. ISBN 978-0813117447.
- COLMEIRO, José, 1994. *La novela policiaca española: teoría e historia crítica*. Barcelona: Anthropos Editorial. ISBN 9788476584477.
- COWARD, Sacha, 2024. *Queer as Folklore: The Hidden Queer History of Myths and Monsters*. London: Unbound. ISBN 978-1800183360.
- CUNDALL, Michael K., 2007. Humor and the Limits of Incongruity. *Creativity Research Journal*, vol.19, nos.2-3, pp. 203-211. ISSN 1040-0419.
- DE SALVADOR AGRA, Saleta, 2023. «Mujer, era broma.» Deshacer cosas con palabras. *Revista Ártemis*, vol.35, no.1, pp. 10-25. ISSN 2316-5251.
- EGEA, Juan F., 2013. *Dark Laughter: Spanish Film, Comedy, And The Nation*. Madison: University of Wisconsin Press. ISBN 978-0299295448.
- GARCÍA CID, Eire, 2020a. Las mujeres violentas de la posmodernidad cinematográfica: Aproximaciones y asimilaciones. *Asparkia. Investigación feminista*, no.37, pp. 73-91. ISSN 1132-8231.
- _____, 2020b. *Monstras*. Webserie. Corentena Produccións (productora). Vídeo; online. 6-7-2020. Disponible en: https://www.youtube.com/watch?v=Kw3dIm_vViY. [Consulta: 20-07-2024].
- _____, 2022a. *Aileen Wuornos presenta: mulleres violentas da posmodernidade cinematográfica*. Vídeo; en liña. 7-7-2022. Disponible en: https://www.youtube.com/watch?v=_IBio7c3M7c&ab_channel=AcademiaGalegadoAudiovisual [Consulta: 27-07-2024].
- HALBERSTAM, Jack, 1995. *Skin Shows: Gothic Horror and the Technology of Monsters*. Durham: Duke University Press. ISBN 978-0822316633.
- _____, 2020. *Wild Things: The Disorder of Desire*. Durham, NC: Duke University Press. ISBN 978-1-4780-1003-6.
- HARAWAY, Donna, 1991. *Simians, Cyborgs, and Women: The Reinvention of Nature*. New York: Routledge. ISBN 978-1853431395.
- HAVAS, Julia, SULIMMA, MARIA, 2018. Through the Gaps of My Fingers: Genre, Femininity, and Cringe Aesthetics in Dramedy Television. *Television & New Media*, vol.21, no.1, pp. 75-94. ISSN 1527-4764.
- HELLER-NICHOLAS, Alexandra, 2021. *Rape-Revenge Films: A Critical Study*. Jefferson: McFarland. ISBN 978-0786449613.
- HOGAN, Erin K., 2024. *Patriarchy's Remains: An Autopsy of Iberian Cinematic Dark Humour*. Montreal: McGill-Queen's University Press. ISBN 978-0228021261.

- KEIN, Kathryn, 2015. Recovering Our Sense of Humor: New Directions in Feminist Humor Studies. *Feminist Studies*, vol.41, no.3, pp. 671-681. ISSN 0046-3663.
- LEDO ANDIÓN, Margarita, 2019. Prefacio. En: LEDO ANDIÓN, Margarita. *Para unha historia do cinema en lingua galega, Vol. 2: A foresta e as árbores*, pp. 9-17. Vigo: Galaxia. ISBN 978-8491513353.
- LORECK, Janice, 2016. *Violent Women in Contemporary Cinema*. New York: Palgrave MACMILLAN. ISBN 9781349707072.
- MAST, Gerald, 1979. *The Comic Mind: Comedy and the Movies*. New York: Bob Merrills. ISBN 978-0226509785.
- MULVEY, Laura, 1975. Visual Pleasure and Narrative Cinema. *Screen*, no.16, pp. 6-18. ISSN 0036-9543.
- OLIVER, Kelly, 2016. *Hunting Girls: Sexual Violence from The Hunger Games to Campus Rape*. New York: Colombia University Press. ISBN 978-0231178365.
- PASZKIEWICZ, Katarzyna, 2022. De víctimas a asesinas: el noir doméstico en la narrativa criminal escrita por mujeres. *Bulletin of Hispanic Studies*, vol.99, no.1, pp. 19-44. ISSN 1475-3839.
- PÉREZ PEREIRO, Marta, 2019. Filmar a tribo, filmar o íntimo no cinema galego contemporáneo. En: LEDO ANDIÓN, Margarita. *Para unha historia do cinema en lingua galega, Vol. 2: A foresta e as árbores*, pp. 9-17. Vigo: Galaxia. ISBN 978-8491513353.
- PLATERO MÉNDEZ, Lucas R., ROSÓN VILLENA, María, 2012. De la «parada de los monstruos» a los monstruos de lo cotidiano: la diversidad funcional y la sexualidad no normativa. *Feminismo/s*, no.19, pp. 127-142. ISSN 1989-9998.
- PLESTER, Barbara, 2016. Complexity and Chaos: Organizational Humor and Emotions. En: PHILLIPS, Holly. *Humor: Emotional Aspects, Role in Social Interactions and Health Effects*. New York: Nova Science Publishers, pp. 93-114. ISBN 978-1634847872.
- RÍOS-FONT, Wadda C., 1992. Valle-Inclán, Goya y el Esperpento. *Hispanic Journal*, vol.13, no.2, 289-300. ISSN 0271-0986
- RUSSO, Mary, 1995. *The Female Grotesque: Risk, Excess and Modernity*. New York: Routledge. ISBN 9780415901642.
- ZECCHI, Barbara, 2013. La comedia como estrategia feminista: la recuperación de la risa. En: ZECCHI, Barbara. *Gynocine: teoría de género, filmología y praxis cinematográfica*, pp. 161-186. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza. ISBN 978-84-15770-85-5.

«... tampoco obra Hiparquía injustamente hiriendo a Teodoro». De la lucha y subversión en el humor de las cómicas

JAVIER LEIVA BUSTOS

Universidad Complutense de Madrid y Universidad Autónoma de Madrid

*En agradecimiento a Ainara,
fiel lectora y revisora, actual y futura Hiparquía*

1. Una anécdota como introducción

Si bien quizás resulte políticamente incorrecto, tal vez no plenamente adecuado a los formalismos de esta clase de escritos, y puede que incluso algo contra-académico, acaso igual no quepa mejor manera de iniciar una reflexión a propósito del humor que con una anécdota. En este caso, vivida por quien escribe estas líneas, y aunque irónicamente no resulte jocosa, sí que, en cambio, se vuelve pertinente e ilustrativa para iniciar lo que a continuación se pretende desarrollar.

Outra das cuestións relevantes que Zambrano destaca no xénero da confesión é a súa dimensión comunicativa e executiva. Non é posíbel gardar unha verdade para unha mesma, senón que esta sempre se comparte. É dicir, o feito de ter experimentado o proceso de toma de conciencia anima a compartilo coas demais nun xesto de confianza e de honestidade. Esta última característica, a honestidade, será outra das claves salientadas por moitas das artistas entrevistadas na investigación. Por exemplo, Belo C. Atance (entrevistada núm. 12) expresaba que o humor, desde unha perspectiva feminista, é un exercicio honesto porque involucra e atravesa as dúas partes e, só por iso, para ela, xa é política (Fraga Costa 2024b: 173).

Por último, a visión de dobre fío proposta por Braidotti é outro dos piares da tese xa que unha das cuestións principais deste enfoque baséase principalmente en «devir oposición sen ser negativas» (2018: 81) e na necesidade de apoiarnos en estratexias afirmativas á hora de crear modelos alternativos. Pero, de que maneira? A vontade deste texto é subliñar a importancia dos desexos e dos afectos como motores para facer funcionar, xunto coa imaxinación, esta política feminista como un elemento altamente contaxioso. Ser capaces de entender a experimentación ou o exercicio creativo como unha forma de poñernos «ás baixo os pés» (2018: 100). Neste sentido, outro dos aspectos relevantes na política feminista, que segundo Braidotti marca a diferenza coas dinámicas tradicionais, é a comprensión da potencia do visual. É dicir, a importancia de manternos en contacto coa creación para manter unha relación visionaria coa realidade.

Tendo en conta o exposto, nos seguintes apartados do texto tentaremos explicar o funcionamento do humor a través do dobre movemento deténdonos no tránsito entre a destrución (negación e crítica) e a creación (afirmación e imaxinación).

3. Destrución

Segundo Ahmed (2018), o feminismo concibido como «contra-historia» precisa de movementos bruscos e súbitos para transmitirse eficazmente alí onde todo continúa quieto. Deste xeito, propón o concepto de «estalo» como unha forma capaz de irromper na liña xeral e abrir outras liñas de fuga. A través desta reflexión, atopámonos así mesmo coa idea da crise como apertura, entendendo o estalo como unha

forma de pensar en torno aos puntos de ruptura de forma máis creativa e positiva. Xunto co termo «estalo», a autora desenvolve parte da súa proposta en torno á «estragafestas» (2018: 255, 284). A aparición desta figura altera unha situación polo simple feito de manifestar que a vida non ten por que seguir reproducindo os mesmos esquemas. Tanto Ahmed (2018) como de Salvador Agra (2023) nos axudan a entender que cando sorrir é unha esixencia para as mulleres, o feito de non facelo convértese nunha afronta. Da mesma maneira, expresar con determinación o que non se quere seguir escoitando entre bromas tamén é unha característica propia da figura da «estragafestas».

A irrupción-interrupción na normalidade, deter de súpeto cun «non» ese bo transcorrer da festa, provoca un corte cos costumes lexitimados que sustentaron o que sempre foi así. Con esta toma de posición, ese paso adiante fronte ao insoportábel, seguindo o exemplo do monólogo de Hannah Gadsby (2018), estase dicindo: non vou reproducir un mundo inxusto que non podo aturar ou un mundo que non penso que deba ser soportado. Vista así, a renuncia feminista é un punto de inflexión, ben por dinamitar as estruturas de poder ou ben por afirmar a dignidade e a xustiza. Un mecanismo de destrución que se volve imprescindible para poder comezar a construír desde outras coordenadas. En relación a este paso adiante e das consecuencias que este implica, para o dúo Aldaolado (entrevistadas núm. 5)

facer humor lonxe do tradicional implica un traballo que non todo o mundo está disposto a facer. É moito máis cómodo, fácil e dá máis cartos ir ao de sempre, aínda que alimente desigualdades. Tamén destacaban que é importante ir chamando a atención, non só non rirmos, senón chamar a atención daquilo que nos desagrada (Fraga Costa 2024b: 71).

3.1. A apropiación como salto cara ao posíbel

No terreo creativo das artes, por medio do apropiacionismo, xúntanse o feminismo e o humor para establecer o necesario exercicio de desnaturalización dos discursos hexemónicos, como un desafío á autoridade recorrendo á fragmentación, descontextualización e ao estrañamento. Non se trata dunha práctica de mera reacción que actúa nunha única dirección de oposición, senón que contempla a política no seu aspecto máis creativo. Isto é, sen deixar de ter en conta o rumbo da crítica que nos permite saber que é o que queremos eliminar, explora ao mesmo tempo novas formas de construír alternativas en base á mobilización dos desexos e dos afectos. O apropiacionismo é unha estratexia creativa e atrevida que se desenvolve a través da radicalización dos recursos da cita coa intención de revisar os relatos oficiais e tomar conciencia das relacións de poder e dependencia co seu contexto e os

discursos hexemónicos, pero poñendo o foco no pracer do lúdico e da provocación (Martín Prada 2001: 7-9, 24). María Cañas (entrevistada núm. 10), creadora que traballa baixo os preceptos desta técnica artística, explica de que maneira o desafío e a provocación se ligan coa sospeita e a necesidade de interrogar os relatos oficiais para poder chegar a outros puntos de entendemento:

Experimento desde a contradición, non desde a convicción. Paréceme moi sospeitoso todo o que aspira a superioridade moral, por iso prefiro ser librepensadora; crer e crear na deriva, axitando os nosos imaxinarios e activando o noso presente. Encántame provocar, activar o pensamento con moito humor, coa *risastencia* (Fraga Costa 2024b: 146).

As artistas que se apoian nesta ferramenta introducen alternativas ás habituais formas de criticar a historia. Por exemplo, outra das creadoras entrevistadas, Chelo Matesanz (entrevistada núm. 11), desafía o relato histórico do xenio Jackson Pollock na obra *O que Lee Krasner puido ter feito... pero non fixo*. Co suxerente título, desvía a atención cara á súa compañeira e tamén artista. Deste xeito, se observamos as manchas sobre o lenzo, preguntámonos que é o que puido facer e múltiples posibilidades dialogan nas nosas cabezas porque na arte, da mesma maneira que no humor, a ambigüidade imposibilita unha lectura pechada ou dun único sentido. Coa súa visión de dobre fío, Matesanz transforma a ausencia en presenza especulando sobre o que non se dixo ou non se fixo, pensar quen está e non está, e convidanos ao mesmo tempo a realizar un dobre movemento: distanciarnos da historia oficial e achegarnos con detalle á historia das artistas. Nesta práctica apropiacionista faise uso da cita e dos referentes coñecidos dun xeito subversivo e propositivo ao situar a pregunta polo que puido ser.

O motivo que nos leva a valorar estes traballos dentro do apropiacionismo crítico é o abandono da lóxica «copiar/pegar». O que as caracteriza é máis ben un «copiar/crear» (Zafra 2013: 200). Se levamos esta premisa ao campo do humor, por exemplo, de nada serviría utilizar os estereotipos para perpetualos e seguir reproducindo violencias e desigualdades. Precisamos un cambio de lente que vire o sentido da materia. Así, identificar a copia ou o código común permite saber desde onde se parte para poder entender o proceso de desnaturalización e chegar ao lugar da resignificación. As novas figuracións que resultan deste exercicio creativo baseado na lóxica de «copiar/crear» non renuncian a un pasado, máis ben pretenden intervir nel criticamente para enfrontarse ao relato definido por un marco de sentido hexemónico concreto. Sen caer no resentimento, existe unha confianza nas fórmulas propias do humor, como a parodia, para propoñer outro traballo coa

memoria e o pasado co obxectivo de afectar incluso ás prácticas e á conciencia do presente.

A esta estratexia de distanciamento crítico, Zafra denomínaa «reversibilidade con efectos. Un modo de facer que implica, noutros casos, a escolla da feminidade como un dos moitos disfraces posíbeis» (2013: 220-221). Por medio desta idea, remitímonos de novo ao dobre movemento de Zambrano ([1943] 2011) xa que por medio dun desprazamento (unha saída de si grazas a un novo entendemento da realidade) optamos por regresar de novo, pero sendo xa distintas. Desta maneira, se reparamos no traballo de Ana Esmith (entrevistada núm. 6), por exemplo, podemos apreciar como, de entre as múltiples opcións posíbeis, decide construír o personaxe de Miss Beige a través da máscara da feminidade como unha escolla voluntaria e consciente. O seu propósito é cargalo con significados xa totalmente diferentes e crear así outro referente, incluso, para o propio movemento feminista. Dito coas súas palabras:

Atrevámonos a xogar coa nosa imaxe e a non estar sempre respondendo a eses canons que nos impoñen. Sexamos donas e escollamos nós mesmas. Pero sobre todo a través do xogo, porque te pode levar a sitios onde ti non chegarías pola túa conta (Fraga Costa 2024b: 88).

4. Afirmación

Movéndonos polo terreo da dualidade, unha vez explorado o espazo da destrución, tentaremos comprender de seguido a parte afirmativa que implica o humor. De primeiras, é preciso lembrar as graves consecuencias que a diferenciación imposta polo sistema patriarcal entre o público/privado tivo no terreo da creación humorística. Como o cotiá non está cargado de épica, cústanos aceptar as nosas referentes como algo valioso co que traballar. Esta situación continua de invisibilidade provocou —e aínda provoca— unha eiva importante no facer creativo xa que, como manifestan algunhas creadoras como Labaka ou Moreu nas entrevistas, o feito de que moitas vivencias e opinións non foran compartidas publicamente, ao considerarse tabús ou por non ter importancia, dificultou a comunicación desde o escenario ao non contar cunha base común. Por este motivo, atopámonos cunha fractura xeracional.

Co marco do mal chamado humor universal, durante moito tempo moitas mulleres tiveron que asumir o punto de vista masculino e identificarse con aquilo que as denigraba. No seu estudo, Labaka (2021) explica que o sistema patriarcal nos mutilou no terreo simbólico en relación a todo o que está unido ao pracer.

Porén, salienta que o humor, como xa vimos, ao mesmo tempo que nos permite dicir non, nos ofrece a posibilidade de abrir novos imaxinarios. Por iso, coa categoría de «humor afirmativo», Lisa Merrill (1988: 275) fala dun humor no que as mulleres que reciben a mensaxe non teñen que devalar a súa experiencia para recoñecerse no discurso. É dicir, un tipo de humor que afirma a diversidade de experiencias en lugar de denigralas demostrando que se pode ser autocríticas sen caer, como xa nos advertía Gadsby (2018), na humillación ou no autodesprezo. Son o contexto e os roles opresivos os que se ridiculizan, non a protagonista.

Por outro lado, a oportunidade de «desdramatizar» ou «relativizar» co humor non implica negar as realidades dolorosas. Lonxe disto, trátase máis ben dunha política de localización do dano coa idea de comprender a orixe do malestar para poder desarticulalo. Asumir o dano como parte do noso propio proceso, baixo unha ollada lúdica, significará dar á queixa e ao derrotismo un lugar diferente para poder xogar con eles e resolvelos. Así, o humor feminista conecta o intelectual co emocional nun exercicio de axencia a través do dobre movemento: devolve o golpe ao patriarcado (nese xesto externo, de destrución) despois de ter procesado as feridas e a vergonza inmerecida (por medio do xesto interno, de construción). A revisión do pasado ou de certas vivencias baixo as coordenadas do humor pode axudar a comprendelas desde outra perspectiva producindo así unha descarga ao desprendernos dos silencios e tabús que nos asfixiaban. Esta sensación de alivio, o pracer de deixar atrás áncoras que nos afogaban, é compartida co propósito de producir contaxio nas demais. A felicidade non é unha verdade que se queira gardar para unha, senón que funciona colectivamente.

4.1. Tránsito de obxecto a suxeito

Na construción desas novas figuras que poden xurdir da transformación de obxecto a suxeito, a xestión da vulnerabilidade para moitas das artistas entrevistadas resulta unha cuestión fundamental. En relación a isto, Gena Baamonde (entrevistada núm. 13), confrontaba a idea de ter que ser unha feminista forte e imperturbábel. Preguntábase

Que imaxe estamos vendendo con iso? Non interesa alguén vulnerábel, que dubide, que teña algún tropezo, que se trabuque, que fracase. (...) Eu nunca me identifiquei de todo con esa imaxe de muller forte, poderosa nun sentido único. Pero que recoñezas esa vulnerabilidade resúltalle obsceno a moita xente (Fraga Costa 2024b: 189).

Así, a irrupción nos espazos de enunciación do corpo vulnerábel é un xesto honesto que non está determinado polo tema que se trata, senón pola implicación coa

verdade que se comparte. O lema empregado popularmente nos feminismos «poñer o corpo» significará nestes casos, como explica Marina Garcés (2013), poñer o corpo nas nosas palabras e accións como condición necesaria para poder comezar a pensar como queremos vivir. Como a filósofa explica, a honradez, dalgunha maneira, sempre é violenta e exerce unha violencia. Esta violencia circula nunha dobre dirección: cara a unha mesma e cara ao real. Cara a unha mesma porque implica deixarse afectar polas vivencias, contextos ou circunstancias, e cara ao real porque implica entrar en escena cun discurso que toma corpo dun xeito imperfecto para a ollada normativa. Un corpo que se opón por completo ás características do feminino máis tradicional, asfixiante e pechado. Lonxe de moldes ríxidos, o corpo, do mesmo xeito que a arte, o humor e o feminismo, está aberto a unha continua transformación. Amplíase e modifícase continuamente dándolle espazo ás imperfeccións, aos fracasos e ás dúbidas.

Outra das características que podemos apreciar na potencia do humor na arte feminista, seguindo a Laura Castagnini (2013), é que funciona sobre principios integradores, non excluíntes. Isto é, opera por medio dun xogo matizado e continuo entre un «rirse de» (dentro dunha dialéctica da hostilidade) e un «rirse con» (a través dunha solidariedade alegre). Ademais, neste xogo, a persoa que enuncia se inclúe no intercambio respondendo á premisa de rirse das demais como dunha mesma (Willet & Willet 2019: 17). O humor opera como unha forma de camaradería cando comunica coa intención de liberar ás demais a través de confesións que transitan do particular ao colectivo. Neste sentido, crear un espazo seguro é fundamental porque o ambiente de confianza que se crea anima a compartir sen medo e a non sentirse xulgada.

Cando unha práctica artística nos afecta no plano emocional, descompoñendo a estrutura mental ou barrendo a casa por dentro, como dicía Zambrano (2014), a configuración interna tamén se altera: a vergonza, por exemplo, transfórmase en orgullo. Deste xeito, a camaradería, a creación dun espazo seguro e a responsabilidade de expresión parecen explicar o traballo artístico do dúo Aldalado (entrevistadas núm. 5). As artistas falaban así da súa traxectoria:

Cos anos, fomos depurando moito o discurso e sendo máis conscientes e coidadosas co que dicíamos sobre o escenario. Hai chistes que xa non usamos porque fomos tomando conciencia de que non nos representaban e iso foi consecuencia, en parte, do *feedback* que nos daba o público (Fraga Costa 2024b: 68).

Máis alá dos recunchos cheos de confidencias e risas secretas ligadas aos espazos máis íntimos, existen outros ambientes, como son a festa e o xogo, nos que o

intercambio comunitario nos pode transformar. A festa, como explica Bajtín (1987), é allea ao inmovilismo e no seu espazo-tempo permite o disturbio e a perturbación desde unha postura máis imaxinativa e lúdica. Vémolo así reflectido, para concluír, na performance de Cristina Lucas *Rousseau e Sophie*, onde congrega nunha verbeña a mulleres de diversas esferas e idades para dar resposta á misoxinia dos escritos do filósofo. Pese a súa condición de fragilidade e fugacidade, estes espazos festivos, alegres e gozosos, poden deixar unha pegada incorruxíbel no regreso ás posicións cotiás. É dicir, como se o círculo non se volvese pechar do mesmo xeito. A conciencia e as sensacións que emanan do comportamento lúdico, máis alá de significar unha simple evasión, poden axudarnos a comprender unha nova realidade que aínda non é, pero pode chegar a ser dunha forma crítica e pracenteira.

Bibliografía

- AHMED, Sara, 2018. *Vivir una vida feminista*. Barcelona: Bellaterra. ISBN 978-8472908956.
- ÁLVAREZ MUGURUZA, Iraide, 2018. *Otras risas son posibles. El humor: una herramienta política de resistencia feminista*. Directora: Jone Martínez-Palacios. Traballo de fin de grao. Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Dispoñible en: https://addi.ehu.es/bitstream/handle/10810/27758/TFG_Alvarez_Muguruza_Iraide.pdf [Consulta: 27-04-2024].
- BAJTÍN, Mijail, 1987. *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento. El contexto de François Rabelais*. Madrid: Alianza. ISBN 9788420679075.
- BRAIDOTTI, Rosi, 2018. *Por una política afirmativa. Itinerarios éticos*. Barcelona: Gedisa. ISBN 9788416919970.
- CASTAGNINI, Laura, 2013. *Backflip: Feminism and Humor in Contemporary Art*. Melbourne: Margaret Lawrence Gallery. ISBN 9781138894655.
- DE SALVADOR AGRA, Saleta, 2023. Mujer, era una broma. Deshacer cosas con palabras. *Revista Ártemis*, vol.35, no.1, pp. 10-25. Dispoñíbel en: <https://periodicos.ufpb.br/index.php/artemis/article/view/67217> [Consulta: 3-04-2024].
- DELEUZE, Gilles, GUATTARI, Félix, 1985. *El Anti-Edipo. Capitalismo y Esquizofrenia*. Barcelona: Paidós. ISBN 9788475093291.
- FRAGA COSTA, Sabela, 2024a. *Ficcións apropiadas: humor e feminismos nas artes visuais nas últimas décadas*. Directores: Xosé Manuel Buxán Bran e Juan Manuel Monterroso Montero. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo.
- FRAGA COSTA, Sabela, 2024b. *A risa habitábel. Conversas con creadoras sobre humor e feminismos nas artes*. Santiago de Compostela: Andavira. ISBN 978-84-128434-7-7

- GADSBY, Hannah, 2018. *Nanette*. Australia: Netflix.
- GARCÉS, Marina, 2013. *Un mundo común*. Barcelona: Bellaterra. ISBN 978-84-19160-02-7.
- HOYOS, Inmaculada, 2009. ¿Por qué la alegría y no más bien la tristeza? Pensar el nihilismo a través de Spinoza. En: ÁVILA CRESPO, Remedios, ESTRADA DÍAZ, Juan Antonio, RUIZ CALLEJÓN, Encarnación. *Itinerarios del nihilismo*. Madrid: Arena Libros. ISBN 9788495897688.
- IMAZ QUIJERA, Virginia, 2005. Género y humor. La triple transgresión. Revista *Emakunde*, no.59. ISSN 0214-8781. Disponible en: https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/sen_aldizkaria_aurrekoak/es_emakunde/adjuntos/revista.emakunde.59.pdf [Consulta: 12-04-2024].
- LABAKA MAYOZ, Ane, 2021. *Algara mutilatuak. Umorearen aho bikotasunaz, feminismo-tik*. Zarautz: Susa Literatura. ISBN 978-84-17051-60-0.
- MARTÍN PRADA, Juan, 2001. *La apropiación posmoderna*. Madrid: Fundamentos. ISBN 9788424508814.
- MERRILL, Lisa, 1988. Feminist humor: Rebellious and self-affirming. *Women's Studies: An inter-disciplinary journal*, vol.15, nos.1-3, pp. 271-280. ISSN 1539-8706.
- SERRA, Clara, 2018. *Leonas y zorras. Estrategias políticas feministas*. Madrid: Catarata. ISBN 978-84-9097-440-7.
- SPINOZA, Baruch, 1973. *Ética*. Buenos Aires: Aguilar. ISBN 84-03-52074-3.
- WILLET, Cynthia e WILLET, Julie, 2019. *Uproarious. How Feminists and Other Subversive Comics Speak Truth*. University of Minnesota Press. ISBN 978-1517908294.
- ZAFRA, Remedios, 2013. *(h)adas. Mujeres que crean, programan, prosumen, tectlean*. Madrid: Páginas de Espuma. ISBN 978-84-8393-341-1.
- ZAMBRANO, María, 2011. *Confesiones y Guías*. Madrid: Eutelequia Ensayo. ISBN 978-84-939443-1-5.
- ZAMBRANO, María. (2014). *Obras completas. VI. Escritos autobiográficos (1928-1990)*. Barcelona: Galaxia Gutenberg. ISBN 9788467258103.

As maricas de Almodóvar salvan a España. A sátira queerizada de *Los amantes pasajeros* (2013)

MIGUEL ALCALDE SILVEIRA

Universidade de Santiago de Compostela

Ao longo das últimas cinco décadas, Pedro Almodóvar consolidou a súa carreira como director de cine nun camiño que o levou dende as marxes a unha polémica posición canónica dentro do campo audiovisual do Estado español. Coas súas primeiras películas gañouse o epíteto do *enfant terrible* na crítica nacional e internacional, debido á ollada subversiva e contracultural que mostrou a través de filmes que, ou ben pertencían por completo ao xénero cómico, ou ben estaban en gran medida atravesados por el. Trátase dun dos cineastas máis importantes e influentes da historia do cinema español e do cinema LGBTI+ a nivel mundial, e se ben non podemos deternos a presentalo con profundidade, cómpre facer fincapé nalgúns aspectos da súa filmografía que semellan algo descoñecidos para o público xeral.

1. Almodóvar e a comedia

«Eres una de nuestras ídolas. Tú empezaste en la época del destape, ¿verdad?»
(Almodóvar 2013: 53:30)

As consecuencias que o franquismo tivo para o desenvolvemento cultural na España do século xx foron amplísimas e diversas. «El cine español actual es políticamente ineficaz. Socialmente falso. Intelectualmente ínfimo. Estéticamente nulo. Industrialmente raquíutico» (*apud* Gubern 1989: 413), foi o diagnóstico do cineasta Juan Antonio Bardem no 1955 durante as Conversaciones de Salamanca. O descontento e pesimismo apreciable no propio sector audiovisual debíase en gran medida á censura e ao ideario nacionalcatolicista que o réxime franquista impuxo como condicións para as producións culturais. Algúns directores, sobre todo no

ámbito da comedia, lograron introducir certo nivel de novidade e innovación na escena española ao tomar referentes estranxeiros como os do neorrealismo italiano (Torre-Espinosa 2020), mais non foi até a apertura dos últimos anos da ditadura que naceu o Nuevo Cine Español e consolidou as novas posibilidades do campo (Torre-Espinosa 2020: 116).

Un dos elementos característicos desta evolución cara ao éxito en taquilla da comedia española foi o *landismo* (chamado así polo actor navarro Alfredo Landa, un dos seus rostros máis recoñecibles), etiqueta que viu a substituír a pexorativa *españolada* coa que a crítica despachaba un xénero de cine popular, con contidos folclóricos, de humor lixeiro e de fácil desfrute por parte do público (Torre-Espinosa 2020: 117). O landismo foi levado a posicións moralmente arriscadas co *destape*, unha corrente que aproveitaba «la progresiva erotización de este cine» para servir de «válvula de escape ante tantos años de opresión sexual durante los años de la Dictadura» (Torre-Espinosa 2020: 118). Porén, cómpre anotar que o destape tiña lugar só nas personaxes femininas, hipersexualizando ás actrices e imprimindo a representación mediática da sexualidade dun marcado ton cisheteropatriarcal (Martín-García e Blanco Herrero 2023; Collado Alonso 2011).

Grazas ás liberdades que os directores destes movementos tomaron nos seus filmes respecto da inclusión explícita de corpos femininos espidos, a volta ao xénero cómico en España produciu unha nova «corrente», a Comedia Madrileña (Torreireiro 1995: 396). Se ben só serviu como nome para falar dun grupo de directores que traballaban este xénero na capital estatal, acolleu a Pedro Almodóvar xunto a algúns dos seus compañeiros da Movida (Fernando Trueba e Fernando Colomo) así coma a autores posteriores non relacionados con esta (Santiago Segura, Álex de la Iglesia...).

Así pois, a carreira de Almodóvar comezou notablemente ligada ao humor, non só polos gustos principais da época, senón porque encaixaba moito mellor que outros xéneros coa estética punk, desenfadada e liberal da Movida madrileña. Sendo unha parte integral desta escena contracultural, o manchego retratouna desde dentro en filmes como *Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón* (1980) ou *Laberinto de pasiones* (1982). Axiña comezou a mesturar esta comedia trash, influenciada por John Waters e Andy Warhol, con referentes do melodrama clásico hollywoodense, como Douglas Sirk, desenvolvendo o seu propio subxénero fílmico, o *almodrama* (Abuín González 2012: 157). Deste xeito, en filmes como *Mujeres al borde de un ataque de nervios* (1988) ou *Tacones lejanos* (1991) apréciase unha presenza case equitativa de elementos dramáticos e humorísticos tanto nos diálogos como na narración e na caracterización das personaxes.

Non obstante, cara a finais da década de 1990, Almodóvar entrou nunha etapa creativa onde a comedia tiña cada vez menos liderado, cunha evolución progresiva desde unha estética *camp* até unha poética moito máis grave e solemne na que os momentos cómicos, se ben non desapareceron de todo, non eran xa preponderantes. Poderíase afirmar que a seriedade no tratamento dos temas foi gañando peso até culminar en *La piel que habito* (2011), un absoluto *thriller* de asasinatos, violacións e abusos que non se toma ningún respiro da formalidade.

Esta sublimación da ausencia de comicidade foi motivo dabondo para que o seu público non esperase o xiro de 180° que deu coa súa seguinte estrea, *Los amantes pasajeros* (2013), un retorno total ao humor que, ademais, atacaba por múltiples vías directas e indirectas ás institucións políticas, económicas e relixiosas españolas. Coa intención de tomarse unha especie de «vacacións» de si mesmo e «recuperar o espírito e humor dos meus primeiros filmes, o sentimento de liberdade que me abrumou nese momento» (Almodóvar 2011: 397; tradución propia), o director escolleu como mensaxeiros dese discurso a tres asistentes de voo que representan o estereotipo da marica tola, con pluma, voz berrona e que se refire a si mesma en feminino. Dentro dunha película que devén «unha reacción á incerteza e ao medo que España está a vivir en tanto que se asentan as medidas introducidas para paliar a súa dobre recesión [...] (Almodóvar 2013a)» (*apud* Delgado 2013: 262; tradución propia), o cometido destas maricas, asunto central deste texto, resultaría o de funcionar como uns bufóns subversivos e críticos nun filme satírico, de marcado carácter queer e disidente da norma cisheterosexual.

2. Apuntes teóricos sobre a sátira e os bufóns

«Cualquier tecnicismo es una forma de mentira»
(Almodóvar 2013: 09:23)

Para entendermos o uso que Almodóvar fai da sátira en *Los amantes pasajeros*, podemos retomar a concepción deste termo que presenta Brigitte Vasallo en varios dos seus textos. No artigo titulado «¿Quién teme a la sátira lesbofeminista?», a autora considera a sátira «una práctica de resistencia desde los márgenes, desde la disidencia, y es una respuesta, a través de la risa y la burla, a las violencias ejercidas de manera estructural» (Vasallo 2015), é dicir, un subxénero cómico no que os suxeitos subalternos poden atopar un espazo para atacar ao sistema de poder que os oprime, aproveitando o humor como ferramenta que chega ás mentes do público de xeito moito máis doado. Fai fincapé en que «la sátira debe apuntar hacia arriba o

hacia dentro» (Vasallo 2015), pois nas direccións contrarias tan só serviría como un exercicio disciplinario que lembraría a opresión estrutural ás súas vítimas.

Uns anos despois, Vasallo publicou *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase* (2021), onde retoma brevemente estas ideas e desta vez asóciaas ao bufón, personaxe que «es quien se atreve a confrontar al poder en forma de chiste» (Vasallo 2021: 107), ou sexa quen asume a axencia do exercicio satírico. Esta figura particular da cultura popular medieval tiña gran relación coa monarquía, e o seu traballo máis destacado dábase nas cortes reais, onde a través da burla influenciaba nas decisións políticas; porén, co paso dos séculos foi evolucionando da man dos sistemas de goberno e derivou en personaxes como o arlequín ou o pallaso, que perderon en distintos niveis o ollo subversivo e crítico propio do bufón.

Por outra banda, o francés David Le Breton introduce a figura antropolóxica do *trickster* (traducible ao galego como «trangalleiro»), unha persoa que «introduce a perturbación no seo das relacións sociais [...]. El non respecta a ninguén, nin ás institucións máis sagradas, el xoga coa súa impunidade para deconstruír as obviedades do seu grupo» (2018: 178; tradución propia). Con isto, introduce xa a cuestión da desnaturalización das normas sociais, que consideramos fundamental, non só para a presente análise, senón como elemento central e característico da poética almodovariana (véxase a nota final). Podemos agardar, por tanto, que os bufóns do manchego propoñan reflexións e cuestións acerca da moral hexemónica, do sistema sexo-xenérico e de calquera aspecto da sociedade occidental poscapitalista. Esta idea atopámola asemade no estudo que Leonor Cabral fai de Leo Bassi, un creador de artes escénicas e circenses que traballa arredor da figura do bufón e da sátira sociopolítica. Cabral afirma que, no caso de Bassi, «o seu humor subversivo leva a un cuestionamento debido á denuncia do mal (sexa cal sexa), e, consecuentemente, á formación dun pensamento crítico por parte do público» (2013: 17; tradución propia). Isto é: o bufón, grazas á súa posición social marxinal e allea ás normas de comportamento establecidas, serve ao espectador como impulso e orixe da dúbida respecto do sistema, e de estímulo cara á disidencia.

Por último, cobra moita relevancia para o tema deste artigo pensarmos na figura do maricón con pluma mencionado con anterioridade. Malia tratarse dun asunto cunha atención máis ben escasa na literatura crítica, Jorge Luis Peralta (2016) publicou un texto de gran interese no que analiza a representación do gay efeminado no cine español dos últimos vinte anos, e neste menciona, como cabe esperar, aos azafatos almodovarianos. Peralta propónse explorar o potencial disidente das «tolas» (el fala de «locas») no cine (2016: 137), para o cal estuda paralelamente a presenza destas personaxes e a súa construción narrativa, tendo en conta as

implicacións de xénero, das corporalidades e da fala que afectan nesta cuestión. Conclúe que «el hecho de que, en general, se prefiera dar protagonismo a personajes homosexuales que no son disidentes desde el punto de vista del género no hace más que corroborar la irritación que continúan provocando los desafíos a la masculinidad hegemónica» (Peralta 2016: 158); pola contra, as «tolas» de Almodóvar gañan «protagonismo por el humor que voluntariamente generan y no porque sean patéticas o risibles» (146). Incide en que a común aparición destas personaxes na comedia «podría obedecer al notable potencial que ofrece esta figura para dicho género, y no [...] a la voluntad de hacer humor a costa de ridiculizar y estigmatizar al «diferente»» (Peralta 2016: 158). Podemos engadir incluso que este potencial se materializa na súa caracterización como bufóns nos termos que xa vimos, pois esta posición marxinal outórgalles a posibilidade de teren certos comentarios e actitudes subversivos e non admisibles para suxeitos non-subalternos que si son tomados en serio pola norma. Debido a isto, «o bufón di aquilo que ninguén se atreve a pronunciar, é a posibilidade de facer unha crítica ou mofa ao poder, é o sinónimo da verdadeira liberdade de expresión» (Cabral 2013: 17; tradución propia).

En definitiva, pola súa pluma e xestualidade *camp*, este bufón marica «ahora admite ser interpretado como una *performance* que abraza deliberada y orgullosamente lo «femenino», a contrapelo de los imperativos masculinistas que la misma subcultura gay llega, en ocasiones, a fomentar» (Peralta 2016: 157). Pero a súa pluma non é o único elemento de humor ao que recorren esas maricas, senón que —como veremos a continuación— do mesmo xeito que no Medievo o bufón aproveitaba as construcións sociais para parodias e así aconsellar ou influenciar nos actos dos monarques, estes azafatos son o elemento chave para a resolución das diversas crises e conflitos do resto de personaxes do filme.

3. Análise fílmica

«Somos unas mamarrachas.»
(Almodóvar 2013: 53:12)

A trama de *Los amantes pasajeros* desenvólvese case por completo na sección *business* dun avión da compañía ficticia Península (clara parodia da real Iberia) que voa de Madrid a Cidade de México; porén, debido a un problema técnico absurdo (situación cómica coa que comeza a película), está a dar voltas sobre a zona aérea de Toledo á espera de recibiren permiso para unha aterraxe de emerxencia en España. Nun intento da tripulación por facilitar a xestión da crise, esta subministra

somníferos aos clientes (e azafatas) da sección turista, mentres prefiren entreter e tranquilizar eles mesmos aos sete pasaxeiros que voan en primeira clase. As personaxes máis importantes para a trama son as seguintes:

- Joserra: sobrecargo marica dos auxiliares de voo, cuxo alcoholismo lle impide gardar segredos.
- Álex: piloto ao mando e bisexual no armario, mantén unha relación estable con Joserra ás costas da súa muller e filles.
- Benito: segundo piloto, representa ao home cisheterosexual masculino e casado cunha muller, mais remata por asumir que é maricón.
- Fajas: azafato marica caracterizado como gordo e menos atractivo, que non evita o sexo senón que este o evita a el; consólase mediante unha particular devoción a múltiples relixións, mesturadas e non-identificadas.
- Ulloa: azafato marica que consume drogas e pensa moito no sexo.
- Norma: dominadora sexual e xefa dun grupo de prostitutas de luxo que traballan para os seiscientos homes máis importantes de España; vai a México porque pensa que hai xente intentando desfacerse dela debido ás supostas cintas eróticas que garda dalgúns altos cargos políticos. Como veremos máis adiante, María M. Delgado considera esta personaxe unha referencia a Bárbara Rey, coñecidísima vedete e ex-amante do rei Juan Carlos I (2016: 255).
- Bruna: vidente que vai a México para axudar a atopar a un grupo de españoles desaparecidos; é unha muller adulta que aínda é «virxe», pero a noite anterior ao voo presentiu que deixaría de selo durante a viaxe como parte de «algo muy gordo que nos afectará a todos» (Almodóvar 2013: 11:04).
- Señor Mas: membro directivo dun dos bancos responsables da crise de 2008, que está a fuxir do Estado español porque o van deter e encarcerar; é de familia ultracatólica, e a súa filla abandonounos para dedicarse ao traballo sexual.
- Novia e Novio: parella de recién casados que reengancha a súa noite de vodas coa viaxe á lúa de mel, o que fai que ela pase todo o voo durmida.

Joserra, Ulloa e Fajas son, polo seu traballo de azafatos, os encargados de servir aos clientes no que precisen, de xeito que Álex lles pide que se entreteñan para non

ter que contarlles a realidade da problemática do avión. Así e todo, Joserra e Ulloa consumen alcohol na sección reservada para os auxiliares case desde a súa primeira escena, sempre baixo a ollada crítica de Fajas, quen non bebe. Comeza deste modo o continuo *gag* cómico de Joserra co alcohol: supostamente xa o deixou, o que provoca discusións entre el e Álex, así como o fai incapaz de mentir.

A fala *camp* das tres bufonas baséase na vulgaridade, nas referencias sexuais, nos dobres sentidos, nos chistes e nas mofas do resto de personaxes. As súas bromas van dirixidas tanto ao resto como ás súas compañeiras «de clase» e incluso a si mesmas, facendo que, como co bufón medieval, ninguén se libre de ser obxecto de risa. Un claro exemplo da súa burla satírica é o seguinte diálogo, no que Norma está a falar dun dos seus clientes e Bruna non parece comprender as metáforas:

Norma: Tengo vídeos eróticos de los seiscientos hombres más importantes de este país, del número uno al número seiscientos. De todos los colores y tendencias, en eso soy muy ecléctica.

Bruna: ¿Seiscientos hombres? ¿Tú sola? ¿Y a la vez?

N: ¡Ay, no, mujer! Yo y un grupo de *scorts* que trabaja para mí en mi propia agencia.

Mas: ¿Así que tienes vídeos eróticos del número uno?

N: Sí, con el número uno tengo varios, todos con una servidora.

B: ¿Quién es el número uno?

N: Pues el más importante, echa cuentas.

B: El presidente del gobierno.

Joserra: A ver, nena, piensa un poquito.

J, Ulloa, Fajas: El rey. [Balbucindo en silencio mentres representan coa mano detrás da súa cabeza unha coroa.] (Almodóvar 2013: 54:44)

Na súa tarefa de entreteren aos pasaxeiros, as maricas «tolas» teñen dúas propostas que cómpre salientar. En primeiro lugar, realizan unha *performance* de *lipsync* (movendo os beizos como se cantasen, pero sen facelo) da canción «I'm So Excited!» (1982) de The Pointer Sisters, un tema moi estendido na cultura queer e travestí anglosaxoa e internacional. Maria M. Delgado le esta actuación na intersección entre o vodevil e as comedias de Miguel Mihura e Jardiel Poncela (2016: 258), mais podemos levala máis ben ao territorio do cabaré e das vedetes, máis próximo e influente para a cultura queer (lémbrese o que se adiantou respecto de Bárbara Rey en liñas previas). Este momento está gravado case como un *videoclip* musical, con planos e cadros imposibles de ver poles pasaxeiros aí presentes, o que provoca

unha sensación de estrañamento pola que es espectadores nos sentimos tamén parte do seu público directo, a quen incluso sinalan directamente, miran aos ollos e en certos momentos cantan en exclusiva.

Despois da *performance*, que desgusta ao señor Mas á vez que facilita unha boa relación entre Norma e os bufóns, estes dan paso a un acto que semella referenciar a obra de William Shakespeare *A Midsummer Night's Dream* (Delgado 2016: 259). O bosque das fadas e a poción de namoramento aparecen aquí actualizados segundo a poética almodovariana: a acción desenvólvese nun avión, un non-lugar (Augé, 1992) que devén nesta ocasión nunha heterotopía de crise (Foucault 1994) na que os azafatos ofrecen aos pasaxeiros auga de Valencia mesturada con mescalinas (unha bebida alcohólica e unha droga alucinóxena moi populares nos anos 80), logo de consumila os pilotos, Ulloa e Fajas (Joserra xa decidira intentar serenarse). Este cóctel conduce a unha escena con formato de contacontos na que os azafatos se declaran fans de Norma e esta comeza a explicar ao resto a historia da súa vida, introducindo cuestións do seu traballo como o diálogo que vimos antes. Así, dáse forma a unha conversa que fai explícita a perversión que existe detrás da tapadeira de corrección moral e cisheteronormativa tras a que se esconden os sectores do poder, cunha actitude satírica pero crítica dos bufóns e Norma, quen rin da inocencia de Bruna e máis dos gustos sexuais dos políticos e da monarquía.

Con todo, o cóctel provoca deseguido un efecto afrodisíaco que deriva nunha especie de escena orxiástica entre as butacas:

- Novia, que é somnámbula, comeza a facerlle unha mamada a Novio, que vai consciente e, por medo ao que poida pasar se esperta á súa muller, segue os movementos desta até remataren tendo relacións sexuais nos seus asentos á vista do resto.
- Bruna, que observaba á parella e facía preguntas con curiosidade ao Novio, trasládase á sección turista do avión para imitales e «perder a virxindade» cun pasaxeiro descoñecido que segue durmido polos somníferos iniciais.
- Norma finalmente ten sexo co Infante (un asasino a soldo encuberto que fora contratado para matala) nese mesmo espazo.

Pola contra, vemos que Álex e Joserra entran no baño, mentres Ulloa e Benito quedan na cabina, de xeito que as dúas parellas non-cisheterosexuais non manteñen relacións sexuais nun espazo público. Con isto, Almodóvar consegue deconstruír un gran estigma asociado á comunidade LGBTI+ (e en especial á HSH) polo

cal son persoas ninfómanas que alteran a orde pública fodendo en espazos abertos ante a mirada de calquera e buscando a perversión do cotián. Aquí son tres parellas cisheterosexuais as que non teñen reparo en xemer, gritar, e foder entre os asentos comúns, cumprindo cos prexuízos impostos contra as persoas queer.

Algunhas conclusións

«¡Ya me has sembrao la duda, maricón!»
(Almodóvar 2013: 01:23:29)

Seguindo as teorías de Paul B. Preciado, poderíamos dicir que o final de *Los amantes pasajeros* propón unha resolución contrasexual dos conflitos identitarios e sociopolíticos relatados ao longo do filme, un punto final ao que non se tería chegado sen o importante papel dos azafatos como bufóns: Álex, tras saber que a súa muller tamén ten unha relación con outra muller e sabe por Joserra da deles, acepta que a súa vida funciona correctamente nese esquema poliamoroso de familia non-tradicional; Benito, grazas a Ulloa, asume definitivamente que é gay e decide deixar á súa muller; Norma sobrevive ao plan de asasinato e vai fuxir con Infante des súes respectivos clienties; Bruna descobre o pracer sexual e libérase do xugo misóxino que a reprimía; e o señor Mas acepta a súa responsabilidade na crise económica para poder retomar a relación coa súa filla.

A caracterización das tres maricas a través da pluma e do *camp* permite a Almodóvar empregalas coma un recurso satírico que ataca e cuestiona ás institucións políticas, relixiosas e económicas da sociedade española cisheteronormativa. As personaxes socialmente consideradas como desviadas ou marxinais son aquí as únicas estables, que non dubidan da súa identidade propia e son a fonte de resolución dos conflitos individuais e interpersoais des demais. Retomando a lectura de Maria M. Delgado, quen interpreta o filme como unha extensa metáfora da gran crise do capitalismo contemporáneo do 2008 e as súas consecuencias sociopolíticas para o Estado español, vemos que «*Los amantes pasajeros* demostra as posibilidades que unha linguaxe teatral dos excesos narrativo e xestual ofrece para dramatizar, e en efecto berrar sobre, o estado da nación. Os auxiliares de voo botan a andar un proceso de auto-reflexión e auto-análise que leva a cambios positivos no comportamento (2016: 265; tradución propia).

En conclusión, demostra que os «procesos de toma de decisión son mellor levados desde abaixo cara a arriba» (Delgado 2016: 253; tradución propia), o que Almodóvar representa a través dunha sátira queer feita desde personaxes

marxinais e estigmatizadas que logran resolver as crises diversas dun Estado cuxa moral hexemónica cisheteronormativa debe ser desnaturalizada para poder recuperarse desa situación.

Nota final

Este traballo realizouse co apoio do Proxecto PERFORMA3 «Teatro sin teatro: teoría y práctica del no-actor en la escena española contemporánea» (PID2023-149349NB-I00), financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (2024-2024).

Asemade, a investigación aquí presentada forma parte do desenvolvemento da miña tese de doutoramento, dirixida por Anxo Abuín González (Universidade de Santiago de Compostela) e Maria M. Delgado (Royal Centre School of Speech and Drama, University of London), e que leva como título provisional «Queerizar a Almodóvar. Hacia una poética desnaturalizadora de la cisheteronormatividad». Como o nome indica, un dos obxectivos principais desta tese consiste en establecer a idea da desnaturalización do sistema sexo-xenérico cisheteronormativo como elemento central e conector da filmografía almodovariana.

Bibliografía

- ABUÍN GONZÁLEZ, Anxo, 2012. Almodramas, o lo tuyo es puro teatro: el teatro en el cine de Pedro Almodóvar. En: ABUÍN GONZÁLEZ, Anxo. *El teatro en el cine*, pp. 155-171. Madrid: Cátedra. ISBN 978-84-376-3094-6.
- ALMODÓVAR, Pedro, 2011. *I'm So Excited!*. En: DUNCAN, Paul, PEIRO, Bárbara. *The Pedro Almodóvar Archives*, pp. 394-415. Terceira edición, 2021. Colonia: TASCHEN. ISBN 978-3836502832.
- _____, 2013. *Los amantes pasajeros*. Película Blu-Ray + DVD [combo pack]. Sony Pictures Home Entertainment; 2013.
- AUGÉ, Marc, 1992. *Los «no lugares», espacios del anonimato. Una antropología de la sobremodernidad*. Segunda edición, 2000. Barcelona: Gedisa. ISBN 978-8474324594.
- CABRAL, Leonor. *Leo Bassi: um bufão contemporâneo*. Disertación final de mestrado. Maria Helena Serodio, Nuno Pino Custódio. Universidade de Lisboa, Lisboa, 2013.
- COLLADO ALONSO, Rocío, 2011. El *destape* del cartel de cine español: la nueva libertad sexual en la transición española. *Revista Icono 14*, vol.9, no.3, pp. 194-220. ISSN 1697-8293.

- DELGADO, María M., 2016. *Los amantes pasajeros/I'm So Excited!* (2013): performing *La Crisis*. En: ALLBRITTON, Dean, MELERO, Alejandro, WHITTAKER, Tom. *Performance and Spanish Film*, pp. 252-268. Manchester: Manchester University Press. ISBN 978-0719097720.
- FOUCAULT, Michel, 1994. *El cuerpo utópico. Las heterotopías*. Primeira edición traducida, 2010. Bos aires: Nueva Visión. ISBN 978-95-060-2612-7.
- GUBERN, Román, 2006. *Historia del cine*. Barcelona: Lumen. ISBN 978-84-264-0102-1.
- LE BRETON, David, 2018. *Rire. Une anthropologie du rieur*. París: Métailié. ISBN 979-10-226-0828-2.
- MARTÍN-GARCÍA, Teresa e BLANCO-HERRERO, David, 2023. La mujer en el cine. Avances y retos pendientes. En: MARCOS RAMOS, María. *La diversidad tras la pantalla. Representación de grupos minoritarios en el cine español del siglo XXI*, pp. 29-45. Madrid: Dykinson. ISBN 978-8411701655.
- TORRE-ESPINOSA, Mario de la, 2020. Modelos cinematográficos en el repertorio cultural español. En: TORRE-ESPINOSA, Mario de la. *Almodóvar y la cultura. Del tardofranquismo a la Movida*, pp. 47-159. Xixón: TREA. ISBN 978-84-18105-07-4.
- TORREIRO, Casimiro, 1995. Del tardofranquismo a la democracia (1969-1982). En GUBERN, Román, MONTERDE, José Enrique, PÉREZ PERUCHA, Julio, *Riambau*, Esteve e TORREIRO, Casimiro. *Historia del cine español*, pp. 341-397. Sexta edición, 2009. Madrid: Cátedra. ISBN 978-84-376-2561-4.
- VASALLO, Brigitte, 2015. ¿Quién teme a la sátira lesbofeminista. En: *Píkara Magazine*. En línea. Disponible en: <https://bit.ly/49nNCC8>. [Consulta: 08-07-2024]
- _____, 2021. *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase*. Barcelona: Larousse. ISBN 978-8418100994.

¿Más visto que el tebeo? Feminismo, humor y lenguaje en la novela gráfica

RAQUEL GARCÍA OTERO

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción: yuxtaponer y hacer intersección

tebeo²

De *TBO*, nombre de una revista española fundada en 1917.

1. m. Publicación infantil o juvenil cuyo asunto se desarrolla en series de dibujos.

2. m. Serie de aventuras contada en forma de historietas gráficas.

estar alguien o algo más visto que el tebeo

1. loc. verb. coloq. Estar demasiado visto.

Desde la segunda acepción del lema *tebeo*, el *Diccionario de la Lengua Española* (*DLE*) suscita el chance de articular una mirada transversal a tres grandes espacios de identidad que interseccionan con holgura y viveza en el momento actual del medio comicográfico. La locución verbal *estar más visto que el tebeo*, como expresión de lo repetitivo o de aquello que no representa novedad alguna, se ve interpelada en sus términos, como se verá en lo que sigue, por el encuentro entre feminismo, humor y lenguaje. El registro coloquial que mantiene la forma alude en una suerte de doble sentido al carácter popular de que en sus inicios gozó la historieta, coincidente a su vez con el reciente nuevo *boom* en la última década del cómic de autoría o novela gráfica, en un dispar devenir desde circuitos hasta entonces significativamente más minoritarios.

Por tanto, la cuestión del reconocimiento se vuelve un elemento muy importante a la hora de evaluar el propio funcionamiento del humor. Las mujeres no pueden participar de este juego de identificaciones pues la presencia de estas categorías masculinas en Redes impide que se establezca ningún tipo de diálogo. Por mucho que pueda reconocerse la gracia de la broma, no se estarían subvirtiendo aquí categorías propiamente femeninas, por lo que las mujeres se situarían más allá de los temas con los que se bromea en los memes. No se trataría de un humor hecho ni por ni para nosotras.

2. El espectro de la feminidad: dos arquetipos

Entonces, ¿qué tenemos que decir nosotras? Hemos adelantado que este humor toma como objeto el dolor y el sufrimiento. Estas dos son constantes en la experiencia femenina: tanto física como psicológicamente: la menstruación; cumplir unos estándares o luchar contra ellos; sentirse expulsada del mundo, pero al mismo tiempo querer formar parte de él; ser guapa, agradable, inteligente, pero tampoco llamar la atención; parir; llevar tacones; ser paciente, entregada, devota, amar... Nuestras vidas están atravesadas por el sufrimiento y el dolor. Pero este dolor es un espectro: como una moneda, tiene dos caras, dos extremos, que además están estrechamente ligadas. Y este humor juega con ambas. Toma los arquetipos femeninos y los refleja en imágenes, haciendo explícito un aspecto esencialmente íntimo y privado como el dolor. Dos extremos cuya expresión es totalmente contraria, pero que sin embargo responden a un mismo problema: la pasión irascible e incandescente femenina; y la pureza y devoción. A continuación, profundizaremos en estos dos aspectos desde y en los mismos, con motivo de hacer manifiesta la tesis propuesta en la introducción, esto es: que los memes que toman como objeto, en este caso, los mencionados arquetipos, constituyen una forma de canalización y expresión de la vivencia femenina que revelan lo que hemos propuesto como una «nueva mística de la feminidad».

2.1. La pasión femenina

En uno de los polos de ese espectro femenino está la figura de la mujer como criatura pasional, irascible, oscura, que se sale de su pasividad para convertirse en una explosión sentimental. Estos memes explotan categorías negativas impuestas y arquetípicas sobre las mujeres, pero las subvierten con la finalidad de hacer humor a través de ellas. La mujer es la loca, la dramática la celosa y vengativa que puede destrozarte la vida, la *femme fatale*. Son arquetipos asociados a la idea de

feminidad que buscan aquí ser subvertidos a través de la broma. En estos memes, estas ideas negativas de feminidad son aceptadas y reivindicadas con la finalidad de «reírse de una misma». Las figuras de Sylvia Plath, de Alejandra Pizarnik, de películas como «Girl Interrupted» o «Pearl», se convierten en representaciones dramáticas de una reacción contra la feminidad, allí donde se impone la perfección y la actitud pasiva de «niña buena», las mujeres reaccionan gritando y revolviéndose.

Por otro lado, también la figura de las brujas es reivindicada en este tipo de memes. Reunidas bajo la luna o realizando una danza macabra, en este humor aparece vinculado, como lo anterior, a lo místico, a la locura y a la maldad de la *femme fatale*, pero también es un modo de manifestar la comunidad. Volver al aquelarre es aceptar nuestro papel de villanas en el mundo, pero es asumir este papel haciéndolo unidas. En este humor las mujeres se apropian de ese vínculo misterioso entre lo natural y lo femenino, muestran cómo el aquelarre, hasta ahora representado como algo negativo, puede ser un lugar de encuentro en el que charlar con tus amigas a la luz de la hoguera.

En esta expresión humorística, la mujer se identifica con la loca, la histérica y neurótica cuyas decisiones nunca son guiadas por principios racionales, y estas ideas sobre la feminidad, tradicionalmente consideradas negativas, conforman el centro en torno al que se construye la broma. La cuestión es aceptar estas categorías y reírse de ellas, eliminando, por un momento, la seriedad e importancia que estas tienen sobre nuestras vidas. Se da aquí ese reconocimiento auténtico del que hablábamos anteriormente, pues son las categorías femeninas las que se subvierten para crear una situación en la que el consumidor pueda sentirse identificado. Sin embargo, cabe entonces preguntarse sobre un aspecto negativo de este tipo de humor basado en la identificación. Al final, la cultura popular está dominada por el pensamiento occidental, por lo que en este humor no habría cabida para mujeres de otras etnias o culturas, no podría darse ese reconocimiento más que en aquellas que participen de una idiosincrasia concreta. Este sería un aspecto negativo a tener en cuenta, pues precisamente lo característico aquí está en la subversión de las categorías femeninas, en la posibilidad de aliviar el peso de estas categorías impuestas por el patriarcado durante un instante. No se trataría, entonces, de un humor universal.

2.2. Pureza y feminidad

¿Qué nos encontramos en el otro lado de la moneda? Vulnerabilidad, intimidad, angustia, cansancio, pasividad, desazón. Es la contraparte de las imágenes anteriores. No hay ira, hay tristeza; no hay rabia, sino introspección; no hay acción,

sino evasión. El sufrimiento en este lado del espectro es esencialmente silencioso, privado e íntimo, y, por tanto, también solitario.

Muchos de los memes de este lado del espectro contienen frases como «me staring into his gorgeous sparkling eyes», o «sometimes i don't like you but i always love you», «he hurt me, but it felt like true love»... que revelan una necesidad de ser amado y amar constitutivas al arquetipo tradicional de la feminidad. Aparece aquí un carácter de devoción, de entrega al otro. Pero, ¿por qué? ¿Qué hay detrás de esta necesidad? ¿Puede explicarse simplemente por el hecho de que así es como se nos ha enseñado a vivir? Es decir, ¿justificarse en la palabra de los hombres? ¿Es suficiente esta explicación para reconocer la vivencia de ser mujer? Aquí queremos responder, como ya se ha señalado, desde el propio canon de lo femenino; sumergirnos y abrirnos a lo que estos conceptos pueden ofrecernos: responder, en definitiva, por y para lo femenino.

La feminidad, en contraposición a lo masculino, que es lo exterior, lo público, es lo interior, lo privado. Esto quiere decir que, *a priori*, lo femenino no tiene lugar donde poder expresarse. No hay espacio en el discurso. Quedamos relegadas a la pasividad, al papel de espectador: lo masculino es lo ético, lo político; toma decisiones y determina la Justicia. Por el contrario, lo femenino aparece como su espectador. Observa lo masculino y se ocupa de aquello que este otro no ve o ignora, es decir: aquello que queda oculto, reprimido.

En la identificación de lo femenino con lo oculto encontramos que existe una brecha, una distancia, con aquello que hemos definido como lo masculino. Lo femenino se halla constantemente a la sombra de un «otro» del cual no obtiene ningún reconocimiento. Dicho de otro modo, lo oculto como carácter fundamental de lo femenino puede conocer pero no puede «ser conocido». La tragedia se ha hecho explícita: lo femenino queda expulsado del discurso y aún así está abocado a permanecer siempre en él como algo silencioso, invisible. En definitiva, estamos hablando de aquel Otro que Simone de Beauvoir definía.

La mujer como personificación de lo femenino contiene las anteriores implicaciones, resultando en un malestar provocado por la sed de reconocimiento por parte de ése otro que lo ha negado y relegado al silencio. Si en el anterior apartado esta frustración y demanda de tener voz se expresaba a través de la ira y la destrucción, ahora el reconocimiento es buscado en la devoción, en la complacencia. Sin embargo, ambas conductas comparten un rasgo: nacen de una misma vivencia, del dolor y sufrimiento que esta siembra; esto es, de una existencia marcada y vista como femenina, y que, por ello, encarnada principalmente por las mujeres.

Conclusiones

Este tipo de humor, si bien se caracteriza por ese juego subversivo con las categorías asociadas a la feminidad y la identificación como medio en torno al que se articula la broma, también conlleva una serie de problemáticas que cabe tener en cuenta. Por un lado, los memes pueden ser objeto de reivindicación a través de la burla de categorías, de la subversión de las mismas, pero, por otro, también pueden ser un instrumento que siga favoreciendo la opresión de las mujeres.

Si bien consideramos que estos memes que subvierten los arquetipos femeninos pueden resultar muy revolucionarios, en la medida en que las mujeres encuentran un reconocimiento auténtico en ellos, también pueden llevar a minimizar la importancia que tiene la opresión que sufren. La asunción de esas categorías como algo propio puede derivar en que se diluya la crítica de las mismas, y esto resulta muy peligroso para la lucha feminista. Sin embargo, tal y como adelantamos en la introducción, no creemos que este humor deba asociarse con la lucha feminista, ya que, precisamente porque busca subvertir estas categorías a través de la risa, este es un acto desenfadado que no toma con la seriedad del feminismo la relevancia que estas mismas categorías tienen sobre nuestras vidas.

Por otro lado, también cabría tener en cuenta que este humor está dirigido a un tipo de mujer en específico, por lo que, por mucho que aquí reivindicemos este carácter de la «identificación» en el humor, cabría preguntarse qué mujeres se ven reconocidas en las bromas de estos memes ¿Podría participar una mujer de cualquier etnia, cultura o situación económica en esa risa? Creemos que la respuesta es no, es un humor no universal que juega con las categorías femeninas propias de la cultura occidental y burguesa. Sin embargo, esto no significa que no exista la posibilidad de que esta subversión se produzca en otros lugares ni que no pueda estar dirigido a otras personas.

Lo característico de este humor es, precisamente, que puede jugar con toda esa variedad de ideas arquetípicas y opresivas para convertirlas en algo que nos permita sobrellevarlas, para poder, durante un momento, asumir estas cuestiones de una forma más desenfadada. Son las propias víctimas las que toman el control sobre las formas y el contenido de ese humor, pero, precisamente porque su intención sería la de ironizar sobre el modo en el que se manifiesta la feminidad, en este caso en una cultura concreta, la perspectiva crítica, como expresaba anteriormente, carece de la importancia que sí tendría si fuese otro tipo de expresión creativa distinta al humor. Por este motivo, es relevante tener en cuenta que aunque este humor se encuentre plagado de elementos problemáticos esto se debe, precisamente, a su propia naturaleza subversiva. La reivindicación de este humor centrado en lo

femenino parte de considerar positivamente la subversión de las categorías femeninas impuestas en la tradición patriarcal. Que pueda existir un espacio en el que las mujeres se rían de los arquetipos que han constituido la idea de cómo deberían ser y que sean ellas mismas las que creen y participen de la broma.

Bibliografía

- CEREZO MORENO, Marta, 2010. El canon literario y sus efectos sobre la construcción cultural de la violencia de género: los casos de Chaucer y Shakespeare. En: DE LA CONCHA, Ángeles, coord. *El sustrato cultural de la violencia de género: Literatura, arte, cine y videojuegos*, pp. 19-45. Madrid: Síntesis. ISBN 978-84-9756-675-9
- FRIEDAN, Betty, 2020. *La mística de la feminidad*. Madrid: Cátedra. ISBN 8437636043.
- MULVEY, Laura, 2001. Unmasking the gaze: some thoughts on new feminist film theory and history. *Lectora: revista de dones i textualitat*. En línea. No.7, pp. 5-14. Disponible en: <https://ddd.uab.cat/pub/lectora/20139470n7/20139470n7p5.pdf>. [Consulta: 12-12-2024]

Das risas enlatadas ás risas sintéticas: explorando o humor das IAs xerativas

LAURA M. CASTRO SOUTO

Universidade da Coruña

1. O humor como signo de intelixencia

A relación entre o humor e a intelixencia é un obxecto de estudo que non esmorece e ao que a Academia se ten achegado desde diferentes eidos ao longo das décadas. Desde os aspectos cognitivos e sociais ás implicacións evolutivas, a complexa conexión entre estes dous conceptos segue a protagonizar estudos e publicacións. Podemos entender doadamente o humor como a capacidade de percibir, apreciar e xerar contido divertido. Pola súa banda, a intelixencia resulta moito máis complexa de definir, pois é un construto que inclúe a capacidade de razoar, resolver problemas e adquirir e aplicar coñecemento (Gottfredson 1997).

A investigación arredor da relación entre estes dous termos suxire que o humor é unha manifestación de capacidade intelectual, xa que a habilidade de recoñecer incongruencias, un dos elementos fundamentais do humor, require non só de flexibilidade mental, senón de pensamento abstracto e de capacidade de resolución de problemas (Cann *et al.* 1999; McCosker e Morán 2012; Demir e Konik 2021). O estudo do desenvolvemento cognitivo das crianzas mostra que a medida que se perfecciona o dominio da linguaxe, a capacidade de xerar e apreciar o humor medran tamén (McGhee 1974). A correlación rexistrada entre a obtención de altas puntuacións en probas de intelixencia estandarizadas e unha grande capacidade para a produción e apreciación do humor (Derouesné 2016), tamén se atribúe ao solapamento entre os procesos intelectuais subxacentes tanto ao humor como á intelixencia, como poden ser a habilidade de recoñecer patróns ou de establecer conexións inéditas e inesperadas. E, por último, a intelixencia demostrou ser o factor explicativo das diferenzas atopadas nas capacidades de diferentes persoas para

o humor (Howrigan e MacDonald 2008; Christensen *et al.* 2016). Semella existir, polo tanto, unha relación positiva entre o humor e a intelixencia.

2. A intelixencia artificial

A intelixencia artificial (IA) é unha disciplina das ciencias da computación que ten como obxectivo a creación de máquinas capaces de realizar tarefas que se considera requiren de intelixencia humana. Coa invención das computadoras, pronto xurdiron dous tipos de analoxías destas coa mente humana (Turing 1983), que deron orixe aos dous principais paradigmas da IA: o simbolismo e o conexionismo (Alekseeva 2020). A aproximación simbólica considera o pensamento intelixente como a manipulación de símbolos e regras (analoxía abstracta), mentres que a conexionista se inspira nas redes de neuronas (analoxía física). Estes dous paradigmas considéranse tradicionalmente antagonistas e historicamente alternaron a súa prevalencia na investigación en IA. A IA simbólica foi predominante nas primeiras décadas, fundamentalmente debido á limitada capacidade de cómputo das máquinas do momento, mentres que dende a explosión hai uns anos da computación na nube e a computación de altas prestacións, vivimos nun momento de preponderancia da IA conexionista grazas á chamada IA Xerativa.

A IA Xerativa é un tipo de IA enfocada na produción de contido como texto, imaxes, son ou vídeo, empregando técnicas da rama conexionista (nomeadamente, das chamadas de *aprendizaxe profunda*) para identificar patróns en grandes conxuntos de datos e xerar contidos novos (Feuerriegel *et al.* 2024). Se os resultados da IA (tanto simbólica como conexionista) xa tiveran un importante impacto en múltiples eidos, desde o transporte até a medicina, pasando pola seguridade ou o márketing (Stahl *et al.* 2023), as aplicacións da IA Xerativa en particular están causando un efecto disruptivo nos eidos relacionados coa creación de contido (Keng-Boon *et al.* 2023). As súas características específicas (grandes necesidades de datos e recursos —enerxía, auga—, así como a súa falta de transparencia e explicabilidade fan que, se ben o seu potencial revolucionario é moi significativo, tamén o sexan as preocupacións éticas a respecto da privacidade, os nesgos ou os dereitos das persoas (Gupta *et al.* 2024). Existe, por tanto, unha imperiosa necesidade de analizar cientificamente a evolución da IA Xerativa de xeito que o seu desenvolvemento se encamiñe por vías socialmente responsables.

3. Exploración do humor no contexto das IA Xerativas

Neste traballo queremos explorar a eficacia dos modelos de IA xeradora de texto en tarefas relacionadas coa produción de propostas humorísticas breves, isto é, chistes, brincadeiras ou piadas. Para iso, levaremos a cabo unha serie de conversas con varios *chatbots* conversacionais que empregan este tipo de tecnoloxía. Funcionando a modo de entrevistas, as conversas seguirán un guión común para posibilitar a comparación cualitativa (análise do discurso) posterior entre os resultados (respostas) proporcionados polos diferentes *chatbots*.

Nesta sección detallaremos o experimento deseñado a tal fin, nomeadamente describindo os seguintes elementos:

- Selección das IAs Xerativas, ou máis propiamente, selección dos modelos masivos de linguaxe (LLM) nos que se basean os *chatbots* cos que conversaremos.
- Deseño das sesións, que inclúe:
 - Deseño de *prompts*, isto é, selección do formato e do texto das preguntas/instrucións que se proporcionarán nas interaccións cos *chatbots*.
 - Selección de técnicas de *prompting*, é dicir, uso de diferentes complementos ao texto de instrución para guiar ao *chatbot* na produción da resposta.

Desde o lanzamento de ChatGPT pola empresa OpenAI en novembro de 2022, a carreira pola mellora e publicación de novas versións e modelos competidores semella imparábel. De xeito certamente atípico na historia da investigación, a vangarda destes avances continuos está sendo protagonizada en grande parte por empresas tecnolóxicas que manteñen baixo segredo industrial os detalles de configuración e adestramento dos seus modelos. Isto, se ben lexítimo desde o punto de vista do libre mercado, non resulta aceptable desde o punto de vista científico, xa que frea o avance e impide algo tan fundamental como a reproducibilidade dos descubrimentos. Neste senso, non son poucas as voces que animan á comunidade científica a apostar nas súas investigacións polos modelos de IA Xerativa de código aberto (Spirling 2023). Neste traballo optamos por seguir esta liña e, en consecuencia, deseñamos os seguintes criterios de inclusión na nosa selección de modelos LLM:

- Estar dispoñible para o seu uso con licenza libre.
- Estar dispoñible para o seu uso a través dunha interface web aberta.

Todos os modelos de IA Xerativa dispoñibles no proxecto HuggingFace a través da súa interface web conversacional, HuggingChat (<https://huggingface.co/chat>), cumpren estes criterios de inclusión. Porén, só 4 dos 9 modelos dispoñibles no momento de realizar o noso traballo foron seleccionados, en función dos seguintes criterios de exclusión:

- Ser modelos recoñecidos polo público xeral.
- Ser modelos recoñecidos no contexto da comunidade HuggingFace.

Así, os modelos empregados, por orde alfabética, foron os seguintes:

- *CommandR+* (*Cohere4AI*), modelo aberto desenvolvido pola empresa canadiana Cohere Inc, que afirma que o seu produto rende mellor que o máis moderno ChatGPT (GPT4 Turbo) nos *benchmarks* habitualmente empregados para comparar estes sistemas de IA.
- *Gemma*, modelo aberto desenvolvido pola empresa norteamericana Google.
- *Llama3*, modelo aberto desenvolvido pola empresa norteamericana Meta.
- *Mixtral 8x7B*, modelo aberto desenvolvido pola empresa francesa Mistral AI, que ten a particularidade de combinar varios submodelos, e por tanto é descrito como un «MoE» (mistura de expertos).

Tanto a experiencia como a investigación mostran que o coidado na confección dos textos que se fornecen como instrucións («entradas» ou *prompts*) aos *chatbots* baseados en IA Xerativa como os que empregamos neste traballo é un elemento chave na obtención de bos resultados (Wang *et al.* 2024; Korzynski *et al.* 2024). Tanto é así, que xa se fala de «enxeñaría de entradas» (*prompt engineering*) para referirnos a esta nova habilidade (Lo 2023), potencialmente imprescindible de consumarse a omnipresenza desta tecnoloxía para uso xeral.

Para o noso experimento, deseñamos a seguinte sucesión de instrucións de entrada (aquí redactadas en galego, mais traducidas a castelán e inglés para o desenvolvemento das sesións nesas linguas):

- P01: *Cóntame un chiste.*
- P02: *Cóntame un chiste para escachar da risa.*
- P03: *Cóntame un chiste intelixente.*

- P04: *Cóntame un chiste feminista.*
- P05: *Cóntame un chiste sobre os homes.*
- P06: *Cóntame un chiste sobre as mulleres.*
- P07: *Cóntame un chiste para homes.*
- P08: *Cóntame un chiste para mulleres.*
- P09: *Cóntame un chiste que resulte gracioso a unha grande variedade de persoas.*
- P10: *Cóntame un chiste que non empregue sexismo, racismo, estereotipos, e que non faga mofa de ningún grupo de persoas.*
- P11: *Cóntame un chiste que non empregue sexismo, racismo, estereotipos, e que non faga mofa de ningún grupo de persoas, e que sexa intelixente e para escachar da risa.*

A «enxeñaría de entradas» contempla unha variedade crecente de recomendacións á hora de deseñar instrucións para a IA Xerativa, moitas dependentes do tipo de tarefa ou resultado que se procura. Porén, unha das técnicas máis simples para mellorar os *prompts* e que ten demostrado alta eficacia (Lee *et al.* 2023) é acompañar as instrucións elixidas dun ou varios exemplos do tipo de resposta textual que se agarda do modelo.

No noso experimento, decidimos contrastar o efecto da presenza ou non de exemplos na produción de contido humorístico, polo que cada modelo foi entrevistado seguindo a secuencia de *prompts* referida na sección anterior (3.2), en dúas sesión: unha delas, sen exemplos (*zero-shot*); outra, con varios exemplos para cada *prompt* (*few-shot*). Os exemplos concretos foron dependentes do idioma da sesión, mais os mesmos en todas as sesións do mesmo idioma, independentemente do modelo entrevistado en cada caso. Todas as conversas están dispoñibles para a súa descarga en Zenodo (Castro 2024).

4. Análise de resultados

O desenvolvemento do experimento, isto é, a materialización das sesións de conversa con cada modelo deu lugar a unha serie de interesantes resultados que describiremos a continuación.

Cómpre comezar por sinalar os elementos do deseño do experimento que se viron alterados polo propio desenvolvemento do mesmo e os resultados parciais

que se ían obtendo. En primeiro lugar, tivemos que descartar as conversas en galego-portugués debido á mala calidade idiomática das mesmas. Non só se rexistraba unha manifesta tradución desde o inglés das respostas producidas polos *chatbots*, senón que nese proceso mesmo se mesturaban diferentes idiomas (inglés, mais tamén en ocasións o español). A manifesta tradución desde o inglés é unha característica que tamén resultou evidente en todas as conversas mantidas en español, mais nese caso polo menos o texto producido mantíña a integridade idiomática, sen mesturar linguas. Por suposto, a efectividade humorística fóra do eido do inglés resulta, por esta causa, nula: en moitos casos a hilaridade dos modelos de brincadeira producidos está baseada no dobre sentido das palabras, na súa homonimia ou homofonía, ou outros efectos que dificilmente sobreviven ao proceso de tradución. Un exemplo deste tipo ofrecido polo modelo CommandR+ foi «¿Por qué el esqueleto no fue al baile? Porque no tenía un cuerpo con quien ir.», que corresponde ao orixinal en inglés «*Why did the skeleton not go to the party? Because it had no body to go with!*» e onde a dualidade *nobody-no body* non ten tradución posible.

Malia a interferencia que este comportamento lingüístico tivo no noso experimento, a ocorrencia destas «alucinacións lingüísticas» non resulta sorprendente (Guerreiro *et al* 2023), habida conta de que os modelos masivos de linguaxe son habitualmente adestrados empregando grandes conxuntos de datos en inglés e que a capacidade de interacción noutras linguas dos *chatbots* se realiza mediante etapas de tradución das instrucións de entrada (como primeiro paso) e mais do texto producido polo sistema como resposta (como derradeiro paso). Esta mesma razón foi a que nos levou a avaliar a estratexia *few-shot* unicamente en lingua inglesa. Así, as conversas finalmente rexistradas están dispoñibles para descarga como recurso público en Zenodo (Castro 2024)).

En relación ao contido das conversas, diferentes puntos comúns e tamén diverxentes foron rexistrados tras da análise textual das doce sesións. Resulta moi destacada a predominancia do modelo de chiste ou brincadeira baseado en preguntas curtas e respostas tamén breves con clara intencionalidade ocorrente (tipo *punchline*). A excepción a esta xeralidade é o modelo Llama3, que produce respostas de moita máis lonxitude e que en ocasións toman forma de pequenas historias, ben dialogadas, ben enteiramente narradas. Neste senso, o modelo máis equilibrado resulta ser Mixtral, pois combina respostas aos diferentes *prompts* que inclúen tanto chistes breves como outros máis elaborados, mais mantendo lonxitudes máis contidas que no caso de Llama3.

Como características específicas dos diferentes modelos, podemos destacar o estilo máis informal de Gemma, que é o único que en múltiples ocasións inclúe

emoticonas que nalgunhas ocasións ilustran a resposta textual e noutras reforzan a súa intención humorística. No caso de Mixtral, as respostas son acompañadas recorrentemente dun texto explicativo ou aclaratorio, isto é, o modelo inclúe coa resposta unha xustificación da súa adecuación ás instrucións proporcionadas.

Só un dos modelos rexeitou xerar unha resposta para un dos *prompt* proporcionados e foi o modelo Gemma en relación á instrución de entrada P06. A resposta xerada nese caso foi «*I am unable to provide jokes that perpetuate stereotypes or biases. It is important to respect all people regardless of their gender.*» Curiosamente, a negativa rexístrase só cando se escribe directamente ao modelo en inglés, e non cando a lingua da conversa é o español, o cal pode ser un indicativo de que os mecanismos de protección que algúns modelos incorporan para evitar a realización de certas tarefas consideradas pouco axeitadas non funcionan axeitadamente cando están involucradas as etapas de tradución (Gupta *et al.* 2023).

Respecto dos exemplos concretos de chistes devoltos polos modelos, é destacable a escasa variabilidade dos mesmos. Os catro modelos empregados tiñan a posibilidade de producir case un cento de exemplos humorísticos só en lingua inglesa, de seren todas as respostas aos distintos *prompts*, diferentes. Porén, cada modelo repetiu, tanto dentro da mesma sesión como entre as sesións *zero-shot* e *few-shot* varios dos seus propios chistes. Tamén detectamos repeticións entre uns modelos e outros, con máis coincidencias entre Llama3 e Mixtral, o cal podería suxerir que comparten máis proporción dos seus datos de adestramento entre si que cos outros modelos empregados neste traballo. De xeito anecdótico, houbo unha piada que foi producida polo menos unha vez por todos os modelos: «*Why don't scientists trust atoms? Because they make up everything!*».

Resulta de especial interese a análise do tipo de brincadeiras relacionadas coas entradas P04 a P08, desde unha perspectiva de xénero. Ningún dos modelos ofreceu chistes que involucrasen homes ou mulleres fóra desas 5 interaccións, nas que as instrucións instaban expresamente a facelo. Tampouco se rexistraron piadas racistas, xenófobas, homófobas, tránsfobas nin capacitistas en ningunha das sesións. A respecto dos *prompts* que solicitaban chistes sobre ou para mulleres/homes, ningún dos modelos semella facer diferencias substanciais entre eses dous tipos de encomendas (P04, P06 e P08 fronte a P05 e P07). Non se atopan diferenzas estatisticamente significativas, de xeito que só podemos dicir que cando homes ou mulleres son mencionados na descrición da tarefa, os modelos usarán mulleres ou homes como suxeitos protagonistas do humor, mais recolléndose tanto exemplos nos que se fai mofa das mulleres cando o público obxectivo son mulleres, outros nos que se fai mofa dos homes cando o público obxectivo son homes, e viceversa.

En varias ocasións, de feito, atopouse o mesmo chiste simplemente mudando o xénero da protagonista, reforzando a impresión de que a efectividade dos modelos a respecto da intencionalidade concreta comunicada é moi pobre. Neste subconxunto das conversas, o efecto humorístico estivo habitualmente baseado en estereotipos como o aspecto controlador das mulleres fronte ao desleixado dos homes, especialmente no contexto da vida en parella heterosexual.

Por último, mencionaremos que non detectamos diferencias significativas no tipo ou calidade das respostas entre as sesións *zero-shot* e as sesións *few-shot* levadas a cabo en inglés. Algunhas das piadas repetidas dentro e entre modelos apareceron tamén nas sesións *few-shot*, malia que os exemplos proporcionados como parte das instrucións foron todos diferentes. A única anomalía neste sentido produciuse no modelo Mistral, que semella malinterpretar a estratexia e produce, no canto dun chiste, tantos chistes como o *prompt* inclúe de exemplo.

5. Discusión

Sendo que a investigación científica pon de manifesto a relación entre o humor e a intelixencia, os resultados obtidos no presente traballo, nos que vemos que a capacidade para o humor demostrada polos diferentes modelos de IA é certamente limitada, poden considerarse coherentes coas análises máis recentes da *intelixencia* da IA. Por exemplo, no que se refire aos test de intelixencia estandarizados, Hernández-Orallo *et al.* publicaron en 2016 que, malia seren quen de resolver algúns dos problemas incluídos neses tests, os modelos de IA aínda non posuían técnicas xerais para enfrontar diferentes tipos de problemas. Dito doutro xeito, a especialización dos modelos existentes naquel momento limitaba a *flexibilidade mental* necesaria para apreciar e producir humor. Porén, a recente popularización dos modelos baseados en LLM, capaces de abordar diferentes tipos de tarefas, fan necesario revisitar a cuestión.

Que a aprendizaxe profunda é quen de identificar patróns complexos en grandes volumes de datos sen asistencia humana é un feito recoñecido (LeCunn *et al.* 2015). Agora ben, se os modelos de IA xerativa máis modernos exhiben as características propias do pensamento diverxente, e mesmo a un nivel máis creativo que o das propias persoas, é unha cuestión controvertida, para a que algúns traballos dan resposta afirmativa (Hubert *et al.* 2024), pero que outros matizan (máis creativo que a media das persoas, pero non máis creativo que as persoas máis creativas, Koivisto e Grassini 2023).

Pola súa banda, as investigacións que comparan o desenvolvemento das crianzas e como estas adquiren e desenvolven diferentes capacidades (comprensión do mundo físico, a linguaxe, o razoamento causal, ou a teoría da mente) apuntan consistentemente cara a existencia de significativas diferenzas entre humanas e máquinas (Schulze *et al.* 2023; Evanson *et al.* 2023; Kosoy *et al.* 2024).

Conclusiones

A investigación presentada neste traballo analiza a eficacia de varios modelos de IA Xerativa de texto na tarefa de creación de propostas humorísticas breves. Desenvolveuse un experimento consistente nun conxunto de 11 instrucións de entrada (*prompts*) mediante as que se solicitou a catro *chatbots* baseados en modelos de linguaxe masivos (LLM) de código aberto (nomeadamente, CommandR+, Gemma, Llama3 e Mixtral 8x7B) a xeración de chistes con diferentes características, como resultar intelixentes, feministas ou aptos para un público diverso.

A análise dos resultados producidos amosa unha predominancia do modelo de chiste baseado en preguntas curtas e respostas breves con intencionalidade humorística clara. A excepción foi o modelo Llama3, que xerou respostas considerablemente máis longas e en forma de pequenas historias. Mixtral, pola súa banda, destacou polo seu equilibrio entre respostas breves e máis elaboradas. A característica definitoria de Gemma foi o seu estilo máis informal e o uso de emoticonas, mentres que Mixtral incluíu regularmente explicacións da *lóxica humorística* das súas respostas.

Observouse escasa variabilidade nos chistes xerados, con repeticións dentro e entre modelos. Llama3 e Mistral mostraron a maior cantidade de coincidencias, suxerindo posiblemente unha maior superposición nos seus conxuntos de datos de adestramento. O traballo realizado incluíu tamén a análise dos chistes desde unha perspectiva de xénero, atopando que os modelos non fixeron distincións substanciais entre as solicitudes relacionadas cos homes e as mulleres. É dicir, en xeral, as brincadeiras baseáronse en estereotipos de xénero, sen amosar diferencias significativas respecto da intención humorística concreta.

Malia que se pretendía realizar o experimento en varias linguas, o desenvolvemento do traballo evidenciou as carencias significativas derivadas da falta de *natividade* dos modelos noutras linguas diferentes ao inglés, pois os chistes xerados eran evidentemente traducidos, o que eliminaba completamente a súa eficacia. Respecto das técnicas empregadas, non se detectaron diferencias notables entre as sesións *zero-shot* e *few-shot*.

Así pois, da nosa investigación podemos concluír que os modelos de IA Xerativa de texto de código aberto empregados, se ben son quen de reproducir contido con vocación humorística en lingua inglesa, fano de xeito moi simple, con escasa orixinalidade e efectividade moi limitada, mesmo no caso de solicitudes que diferencian o público obxecto ou obxectivo en función do seu xénero.

Os futuros trabadlos de investigación nesta liña poderían explorar outras técnicas de mellora de *prompts* como a ampliación do contexto ou a explicitación de estilo ou rol (p. ex. «actúa como un guionista cómico/actúa como unha humorista de éxito...»), a fin de determinar se poderían levar a unha mellora dos resultados. Mais polo de agora, semella que podemos afirmar, se o humor é un signo de intelixencia, que a IA Xerativa actual está lonxe de destacar nesta tarefa pola súa sofisticación u orixinalidade. Dito doutro xeito, se ben o seu dominio na produción de linguaxe escrita pode posiblemente exceder en moito o dunha crianza de primaria, o seu humor está, estes momentos, non moito mais aló nese nivel de madurez.

Bibliografía

- ALEKSEEVAA, Ekaterina, 2020. The opposition of Symbolism and Connectionism in the history of Artificial Intelligence development. *Istoriya*, vol.11, no.97. ISSN 2079-8784.
- CANN, Arnie, HOLT Kitty e CALHOUN, Lawrence G., 1999. The roles of humor and sense of humor in responses to stressors. *Humor*, vol.12, no.2, pp. 177-194. ISSN 0933-1719.
- CASTRO, Laura M., 2024. Exploration of humor in generative AI [dataset] Zenodo. Disponible en: <https://doi.org/10.5281/zenodo.12788475>. [Consulta: 27-04-2024].
- CHRISTENSEN, Alexander P., SILVIA, Paul. J., NUSBAUM, Emily C. e BEATY, Roger E., 2018. Clever people: Intelligence and humor production ability. *Psychology of Aesthetics, Creativity, and the Arts*, vol.12, no.2, pp. 136-143. ISSN 1931-3896.
- DEMIR, Serkan e KONIK, Ayça, 2021. Examining the relationship between the sense of humor and the social exclusion perceived by gifted and talented students. *Shanlax International Journal of Education*, vol.9, no.2, pp. 60-67. ISSN 2320-2653.
- DEROUNESNÉ, Christian, 2016. Neuropsychologie de l'humour: une introduction Partie 1. Données psychologiques. *Gériatrie et Psychologie Neuropsychiatrie du Vieillessement*, vol.14, no.1, pp. 95-103. ISSN 2115-8789.
- EVANSON, Linnea, LAKRETZ, Yair e KING Jean Rémi, 2023. Language acquisition: do children and language models follow similar learning stages?. En: *Findings of the Association for Computational Linguistics (ACL'23)*, Association for

- Computational Linguistics, pp. 12205-12218. Disponível em: <https://aclanthology.org/2023.findings-acl.773.pdf> [Consulta: 1-05-2024].
- FEUERRIEGEL, Stefan, HARTMANN, Jochen, JANIESCH, Christian e ZSCHECH, Patrick, 2024. Generative AI. *Business and Information Systems Engineering*, no.66, pp. 111-126. ISSN 2363-7005.
- GOTTFREDSON LINDA S., 1997. Why g matters: The complexity of everyday life. *Intelligence*, vol.24, no.1, pp. 79-132. ISSN 0160-2896.
- GUERREIRO, Nuno M., ALVES, Duarte M., WALDENDORF, Jonas, HADDOW, Barry, BIRCH, Alexandra, COLOMBO, Pierre, MARTINS, André F. T., 2023. Hallucinations in Large Multilingual Translation Models. *Transactions of the Association for Computational Linguistics*, no.11, pp. 1500-1517. E-ISSN 2307-387X.
- GUPTA, Maanak, AKIRI, Charankumar, ARYAL, Kshitiz, PARKER, Eli e PRAHARAJ, Lopamudra, 2023. From ChatGPT to ThreatGPT: Impact of Generative AI in Cybersecurity and Privacy. *IEEE Access*, no.11, pp. 80218-80245. ISSN 2169-3536.
- GUPTA, Priyanka, DING, Bosheng, GUAN, Chong, DING, Ding, 2024. Generative AI: A systematic review using topic modelling techniques. *Data and Information Management*, vol.8, no.2. ISSN 2543-9251.
- HOWRIGAN, Daniel P. e MACDONALD, Kevin B., 2008. Humor as a mental fitness indicator. *Evolutionary Psychology*, vol. 6, no.4, pp. 652-666. ISSN 1474-7049.
- HUBERT, Kent F., AWA, Kim N. e ZABELINA, Darya L., 2024. The current state of artificial intelligence generative language models is more creative than humans on divergent thinking tasks. *Scientific Reports*, no.14. ISSN 2045-2322.
- KENG-BONG, Ooi, WEI-HAN TAN, Garry, AL-EMRAN, Mostafa, AL-SHARAFI, Mohammed A., CAPATINA, Alexandru, CHAKRABORTY, Amrita, DWIVEDI, Yogesh K., HUANG, Tzu-Ling, KUMAR KAR, Arpan, LEE, Voon-Hsien, LOH, Xiu-Ming, MICU, Adrian, MIKALEF, Patrick, MOGAJI, Emmanuel, PANDEY, Neeraj, RAMAN, Ramakrishnan, RANA, Nripendra P., SARKER, Prianka, SHARMA, Anshuman, TENG, Ching-I, WAMBA, Samuel Fosso e WONG, Lai-WaN, 2023. The Potential of Generative Artificial Intelligence Across Disciplines: Perspectives and Future Directions. *Journal of Computer Information Systems*, pp. 1-32. ISSN 08874417.
- KOIVISTO, Mika e GRASSINI, Simone, 2023. Best humans still outperform artificial intelligence in a creative divergent thinking task. *Scientific Reports*, no.13. ISSN 2045-2322.
- KORZYNSKI, Pawel, MAZUREK, Grzegorz, KRZYPKOWSKA, Pamela e KURASINSKI, Artur, 2023. Artificial intelligence prompt engineering as a new digital competence: analysis of generative AI technologies such as ChatGPT. *Entrepreneurial Business and Economics Review*, vol.11, no.3, pp. 25-37, <https://doi.org/10.15678/EBER.2023.110302>.

- KOSY, Eliza, REAGAN, Emily Rose, LAI, Leslie, GOPNIK, Alison e COBB, Danielle Krettek, 2024. Comparing machines and children: using Developmental Psychology experiments to assess the strengths and weaknesses of LaMBDA responses. *SSRN*. En: Kosoy, Eliza and Reagan, Emily Rose and Lai, Leslie and Gopnik, Alison and Cobb, Danielle Krettek, Comparing Machines and Children: Using Developmental Psychology Experiments to Assess the Strengths and Weaknesses of Lamda Responses. Disponible en: <https://ssrn.com/abstract=4696693> o <http://dx.doi.org/10.2139/ssrn.4696693> [Consulta: 29-04-2024].
- LECUN, Yann, BENGIO, Yoshua e HINTON, Geoffrey, 2015. Deep learning. *Nature*, no.521, pp. 436-444. ISSN 0028-0836.
- LEE, Unggi, JUNG, Haewon; JEON, Younghoon, HWANG, Wonhee, MOON, Jewoong e HYEON-CHEOL, Kim, 2024. Few-shot is enough: exploring ChatGPT prompt engineering method for automatic question generation in english education. *Education and Information Technologies*, no.29, pp. 11483-11515. ISSN 1360-2357.
- Lo, Leo S., 2023. The Art and Science of Prompt Engineering: a new literacy in the Information Age. *Internet Reference Services Quarterly*, vol.27, no.4, pp. 203-10. ISSN 15404749.
- McCOSKER, Bernadette e MORÁN, Carmen C., 2012. Differential effects of self-esteem and interpersonal competence on humor styles. *Psychology Research and Behavior Management*, no.5, pp. 143-150. ISSN 1179-1578.
- MCGHEE, Paul E., 1974. Development of children's ability to create joking relationships. *Child Development*, vol.45, no.2, pp. 552-556. ISSN 0009-3920.
- SCHULZE BUSCHOFF, Luca M., SCHULZ, Eric e BINZ, Marcel, 2023. The acquisition of physical knowledge in generative neural networks. *International Conference on Machine Learning (ICML'23)*, pp. 30321-30341. Disponible en: <https://doi.org/10.48550/arXiv.2310.19943> [Consulta: 27-04-2024].
- SPIRLING, Arthur, 2023. Why open-source generative AI models are an ethical way forward for science. *Nature*, no.616. ISSN 0028-0836.
- STAHL, Bernd Carsten, ANTONIOU, Josephina, BHALLA, Nitika, BROOKS, Laurence, JANSEN, Philip, LINDQVIST, Blerta, KIRICHENKO, Alexey, MARCHAL Samuel, RODRIGUES, Rowena, SANTIAGO, Nicole, WARSO, Zuzanna e WRIGHT, David, 2023. A systematic review of artificial intelligence impact assessments. *Artificial Intelligence Review*, no.56, pp. 12799-12831. ISSN 0269-2821.
- WANG, Mo, WANG, Minjuan, XU, Xin, YANG, Lanqing, CAI, Dunbo e YIN, MinghaO, 2023. Unleashing ChatGPT's power: a case study on optimizing information retrieval in flipped classrooms via prompt engineering. *IEEE Transactions on Learning Technologies*, no.17, pp. 629-641. ISSN 1939-1382.

C U R S O S E C O N G R E S O S

Nº 277